Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# Programación Xeral Anual

# CPI Plurilingüe Cabo da Area

Curso ***2023-24***

| | | |
|---|---|---|
| **Aprobada polo Consello Escolar** | | |
| | **29/11/2023** | |
| **Aprobada polo Claustro nos aspectos docentes** | | |
| | **29/11/2023** | |
| **Remitida a inspección en prazo** | | |
| | | |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

## ÍNDICE

**1.OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL** 3
**2.HORARIO XERAL DO CENTRO** 5
2.1. Horario lectivo 5
2.2. Horario de apertura do centro 6
2.3. Horario de atención ao público 6
2.4. Horario de dispoñibilidade das instalacións para o alumnado 6
2.5. Horario de apertura das instalacións para outros membros da comunidade educativa 7
2.6. Horario de verán 7
**3. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS** 8
3.1. Transporte escolar 8
3.2. Comedor escolar de xestión directa 9
**4. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DE CENTRO** 17
4.1. Datos estatísticos do alumnado 17
4.2. Horarios do alumnado 18
4.2. Relación do profesorado 30
4.3. Composición dos órganos de goberno e coordinación docente 30
4.4. Asignación de titorías 35
4.5. Hora de atención ás familias do profesorado 36
4.6. Profesorado titor do prácticum de profesorado 38
4.7. Distribución de grupos e materias 38
4.8. Organización do profesorado nos períodos de non docencia e gardas 40
4.9. Libros de texto 45
4.10. Calendario escolar e datas das avaliacións 50
4.11. Organización e tarefas do persoal non docente 52
**5. PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES** 55
5.1. Organización das actividades complementarias e extraescolares 55
5.2. Previsión de conmemoracións 57
5.3. Previsión de actividades complementarias/extraescolares 58
**6. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA** 68
**7. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO (PFPP)** 69
**8. OUTROS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO** 70
8.1. PLAMBE 70
8.2. PLAN LECTOR 74
8.3. CLUB DE LECTURA 78
8.4. PLAN DIXITAL 79
8.5. CONTRATOS PROGRAMA 80
8.6. PLAN PROXECTA + 81
8.7. ADDENDA ANUAL AO PROXECTO LINGÜÍSTICO 81
8.8. PLURILINGÜISMO 91
8.9. CLUB DE CIENCIA 92
8.10. CONCRECIÓN ANUAL DO PXAD 94

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 1.OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL

Entre os obxectivos que se pretenden alcanzar no curso 2023-2024, destácanse os seguintes:

➢ Consolidar no alumnado unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma.

➢ Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.

➢ Impulsar a igualdade e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención ás persoas discapacitadas.

➢ Fomentar a preparación no campo científico e das tecnoloxías da información e da comunicación.

➢ Consolidar o dominio da lingua galega e da castelá e comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

➢ Desenvolver a sensibilidade artística e literaria como fonte de enriquecemento cultural.

➢ Difundir, valorar e respectar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación, facendo especial atención a nosa contorna.

➢ Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar hábitos de vida saudables.

➢ Favorecer e fomentar, entre todo o claustro, o respecto e coidado das instalacións e material do centro, facendo partícipe ao alumnado da súa correcta formación.

➢ Promover a formación do profesorado, a través de seminarios permanentes ou grupos de traballo.

➢ Reparar, arranxar e manter as instalacións do centro en boas condicións.

En relación cos obxectivos propostos, desenvolveranse as seguintes liñas de traballo:

➢ O centro implantará metodoloxías que teña en conta os distintos ritmos de aprendizaxe, e a través de medidas como reforzos e adaptacións curriculares atenderase a aqueles alumnos con necesidades educativas especiais. En relación con isto, seguirase reforzando as competencias clave a través dos contratos-programa.

➢ Traballarase en materia de Igualdade, actualizando Plan de Igualdade do CPI Plurilingüe Cabo da Area, e sendo o motivo central do traballo no Plan Proxecta “Por 365 días de respecto e igualdade”, o contrato-programa Iguálate e doutras actividades extraescolares e complementarias que se desenvolverán ao longo do curso, como motivo de distintas conmemoracións recollidas no Calendario Escolar.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

➢ Procurarase a formación do profesorado arredor do emprego das TIC. A través do PFPP, ofreceranse dúas liñas de formación: Polos creativos e Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Plan dixital e Edixgal.

➢ Coa finalidade de promover a comprensión lectora, fomentarase a animación á lectura, continuando cos proxectos desenvolvidos a través da Biblioteca Escolar, como o Club de Lectura, a Hora de Ler, o Programa de Alumnado Voluntariado e todo tipo de actividades dinamizadoras neste eido.

➢ Daraselle continuidade a proxectos xa implantados no centro como o Club de Lectura, EDLG, o Club da Ciencia e os distintos Proxectas (Por 365 días de respecto e igualdade, Proxectos de vida activa e deportiva e Quérote+) que ofreza o centro, procurando que o alumnado consolide a súa autonomía persoal.

➢ Aproveitarase a biblioteca do centro como recurso para a busca de información ou como espazo para a realización das actividades de dinamización.

➢ Realizaranse actividades complementarias e extraescolares que promovan o coñecemento dos lugares da contorna.

➢ Ampliarase e mellorarase a dotación de recursos para o centro, segundo as necesidades.

➢ Farase uso da aula virtual e/ou a plataforma Edixgal en todos os niveis educativos, potenciando así a autonomía do alumnado en relación aos materiais e recursos que alí se aloxan.

➢ Seguirase coa actualización da páxina web e da aula virtual, utilizándoas como plataformas para difundir información.

➢ Continuarase realizando obras de mantemento e mellora das instalacións do centro. Tamén se realizarán as correspondentes inspeccións (incendios, electricidade, ascensor,...) e acondicionamento das zonas verdes.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 2.HORARIO XERAL DO CENTRO

## 2.1. Horario lectivo

Nas etapas educativas ofertadas no centro (Educación Infantil, Primaria e Secundaria), as actividades desenvolveranse en sesións lectivas de cincuenta minutos, segundo se reflicte na seguinte táboa:

| **INFANTIL/PRIMARIA (de luns a venres)** | | **INFANTIL/PRIMARIA (de lunes a venres)** | |
|---|---|---|---|
| 1ª hora | 09:15-10:05 | 1ª hora | 09:30-10:20 |
| 2ª hora | 10:05-10:55 | 2ª hora | 10:20-11:10 |
| 3ª hora | 10:55-11:45 | Recreo/Hora de Ler | 11:10-12:00 |
| Recreo/ Hora de ler | 11:45-12:35 | 3ª hora | 12:00-12:50 |
| 4ª hora | 12:35-13:25 | COMEDOR | 12:50-14:50 |
| 5ª hora | 13:25-14:15 | 4ª hora | 14:50-15:40 |
| COMEDOR | 14:15-15:00 | 5ª hora | 15:40-16:30 |
| **Setembro e xuño** | | **De outubro ata maio** | |

| **SECUNDARIA (agás martes)** | | **SECUNDARIA (martes)** | |
|---|---|---|---|
| 1ª hora | 08:45-09:35 | 1ª hora | 08:45-09:35 |
| 2ª hora | 09:35-10:25 | 2ª hora | 09:35-10:25 |
| 3ª hora | 10:25-11:15 | 3ª hora | 10:25-11:15 |
| Recreo | 11:15-11:35 | Recreo | 11:15-11:50 |
| 4ª hora | 11:35-12:25 | 4ª hora | 11:50-12:40 |
| 5ª hora | 12:25-13:15 | 5ª hora | 12:40-13:30 |
| 6ª hora | 13:15-14:05 | | |
| | | 6ª hora | 16:10-17:00 |
| | | 7ª hora | 17:00-17:50 |
| | | 8ª hora | 17:50-18:40 |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

## 2.2. Horario de apertura do centro

O edificio de infantil e primaria:

- Nos meses de outubro a maio, o horario de apertura do centro será ás 9:15 horas para recibir o alumnado transportado. Tras o remate das sesións lectivas da mañá ás 12:50 horas, o centro pechará as súas portas ata as 14:50 horas, cando se lle permitirá o paso ao alumnado non usuario do comedor. O centro pechará as portas ás 16:45 horas tras a saída do alumnado ao remate das clases da tarde.
- No caso dos meses de setembro e xuño, cando o centro conta con xornada continua, a apertura será as 9 horas. As instalacións pecharanse ás 15 horas tras a finalización do servizo de comedor escolar.
- O horario de titorías para as familias do alumnado de Educación Infantil e Primaria será os luns de 18:30 a 19:30 horas.

O edificio de Educación Secundaria:

- Durante o período lectivo o centro abrirá e pechará cunha marxe máxima de 15 minutos respecto do horario lectivo co fin de facilitar a entrada e a saída do alumnado.

## 2.3. Horario de atención ao público

O horario de atención ao público abranguerá de 9 a 14 horas de luns a venres. Polas tardes, o centro non estará aberto ao público, agás no tipificado no epígrafe anterior.

## 2.4. Horario de dispoñibilidade das instalacións para o alumnado

**a) Biblioteca:**

O centro conta cunha biblioteca dividida en dúas salas de lectura. Unha delas encóntrase no edificio de Educación Infantil e Primaria, mentres que a outra localízase no edificio de Educación Secundaria. O seu horario de apertura limítase os períodos de lecer das distintas etapas educativas ofertadas no centro.

**b) Pavillón polideportivo:**

O polideportivo do centro unicamente estará dispoñible durante a impartición das correspondentes clases de educación física e no período de lecer da etapa de secundaria.

**c) Instalacións exteriores:**

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

O centro contra cunha pista de fútbol, dúas de baloncesto e unha de voleibol no patio do edificio de primaria. O seu uso está limitado aos períodos de lecer da xornada lectiva e do comedor escolar. Fóra do horario de apertura do centro, o acceso a esas canchas permanecerá pechado.

**d) Aula de informática:**

O acceso á aula de informática do edificio de secundaria está limitado ás clases que se imparten nela.

**e) Cafetaría:**

No edificio de Educación Secundaria contamos con servizo de cafetería para os períodos de lecer. O seu horario de apertura é de 10:25 a 12:25 horas.

**f) Comedor escolar:**

No CPI Plurilingüe Cabo da Area contamos cun comedor escolar de xestión directa. O horario de uso do mesmo será de 12:50 a 14:50 horas nos meses de outubro a maio e de 14:15 a 15 horas os meses de setembro e xuño.

## 2.5. Horario de apertura das instalacións para outros membros da comunidade educativa

O centro poderá abrir as súas portas para a realización de actividades complementarias, extraescolares ou obradoiros baixo a autorización da Dirección do centro. Este horario determinarase para cada actividade que se oferte.

## 2.6. Horario de verán

Durante o mes de xullo, o centro estará aberto de luns a venres desde as 9 ata as 14 horas.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 3. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

## 3.1. Transporte escolar

| Empresa | Alumnado usuario do bús | Itinerario (Saída desde o centro educativo) | Paradas |
|---|---|---|---|
| Amadeo Caamaño Aguiar y Otros SL. | Infantil Primaria Secundaria | Fco. Canosa Nemiña- Carballal (Traba) | FCO. CANOSA NEMIÑA |
| | | | O PIÑEIRO |
| | | | SOESTO 1 (Estanco) |
| | | | SOESTO 2 (Campo da festa) |
| | | | SOESTO 3 (Igrexa) |
| | | | MATÍO 1 (Estrada xeral) |
| | | | MATÍO 2 (Lavadoiro) |
| | | | BOAÑO |
| | | | SOCASAS |
| | | | AS MELGUEIRAS |
| | | | CERNADO |
| | | | MÓRDOMO |
| | | | REBOREDO |
| | | | CARBALLAL |
| | | Señoráns- Serantes 1 (Transfontáns) | SERANTES 1 (Transfontáns) |
| | | | SERANTES 2 (Conlle) |
| | | | CASTRELO |
| | | | A TORRE |
| | | | COÉNS |
| | | | GUNDAR |
| | | | O APRAZADUIRO |
| | | | O APRAZADUIRO 2 (Igrexa) |
| | | | RENS |
| | | | SEÑORÁNS |
| Autocares J. Pombo, S.L. | Infantil | Fenllido- Laxe Praza | FENLLIDO (Bar o Pino) |
| | | | LAXE – OS POTES |
| | | | LAXE - CHISPA |
| | | | LAXE – PRAZA |
| | Primaria Secundaria | Fenllido- Laxe Chispa | FENLLIDO (Bar o Pino) |
| | | | LAXE - CHISPA |
| | Primaria Secundaria | Laxe Os Potes - Laxe Praza | LAXE – OS POTES |
| | | | LAXE – PRAZA |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 3.2. Comedor escolar de xestión directa

O comedor conta coa **infraestrutura e recursos materiais** necesarios para dar servizo ao alumnado do centro:

- Cociña adecuadamente equipada, almacén e aseos para o persoal de cociña.
- Comedor co mobiliario necesario: cadeiras, mesas e estanterías para almacenar material de aseo bucal para o alumnado e material escolar para os períodos de lecer.
- Persoal para o desenvolvemento do servizo (recursos humanos): cociñeiro/a e auxiliares, colaboradores/as (10), encargada e directora.

| **Persoal e colaboradores do servizo de comedor** | |
|---|---|
| **Cargo** | **Nome** |
| **Cociña** | Mª Josefa Grela López |
| | Mª Jesús Fuentes Fraga |
| | Mª Carmen Noya Otero |
| **Directora** | Ana María Porteiro Chouciño |
| **Encargada** | María del Sol Varela Suena |
| **Colaboradoras** | Elba Suárez Amado (E.I.) |
| | Gemma Durán Vidal (E.I.) |
| | Anxo Daniel González Rama (apoio) |
| | Maha Dandis (1º EP) |
| | Nuria Pérez Balsa (2º EP) |
| | Estrella Rey Martínez (3º EP) |
| | Tatiana María Alborés Díaz (4º EP) |
| | Vanessa Baneira Pérez (5º EP) |
| | Mª Tatiana Regos Sobrado (6º EP) |
| | Sonia Fariña Mato (ESO) |
| | **SUPLENTES** |
| | María Jesús Pereira Pose |
| | María Dolores Gómez Ferreiro |
| | Belén Catalá Gómez |
| | Cristina Regueira Rellán |
| | Almudena Lema Allo |
| | Catalina Baldomar Álvarez |
| | Nuria Cousillas Villar |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

Este curso temos unha media de 132 comensais (24 en educación infantil, 91 en educación primaria e 17 en educación secundaria) aos que lles corresponden dez persoas colaboradoras, unha encargada do comedor, unha oficial segunda de cociña e dous axudantes.
Son usuarios/as do servizo o alumnado do centro, persoal de cociña e colaboradoras/es (de xeito gratuíto) e persoal docente e non docente cando exerza labores de coidado e atención (gratuíto o día da colaboración e de pago o resto). O servizo de comedor funciona desde o primeiro ao último día lectivo do curso.

O comedor é un servizo educativo complementario que debe atender á consecución dos seguintes **obxectivos**:

- No ámbito da educación para a saúde:
  - ☐ Fomentar e desenvolver hábitos persoais fundamentados nunha alimentación equilibrada como base dunha correcta saúde.
  - ☐ Poñer en práctica as normas hixiénicas e sanitarias estudadas na aula.
  - ☐ Iniciarse en gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos.
  - ☐ Manter posturas ergonómicas na mesa.
  - ☐ Manexar axeitadamente os utensilios empregados para a inxesta de alimentos.
  - ☐ Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
  - ☐ Comunicar e implicar ás familias nos beneficios dunha colaboración conxunta coas persoas responsables do comedor, tanto no referido á saúde do alumnado como na súa educación nutricional.
  - ☐ Concienciar ás familias sobre os patróns de conduta adquiridos no comedor e a importancia de continuar cos mesmos no fogar.
- No ámbito da convivencia:
  - ☐ Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas individuais e colectivas.
  - ☐ Espertar no alumnado o espírito de cooperación, implicándoo, en función das súas posibilidades, en tarefas do funcionamento de comedor: poñer e retirar o servizo, axudar ao alumnado de cursos inferiores…
  - ☐ Fomentar as actitudes de respecto e tolerancia cara a todas as persoas integrantes da comunidade escolar.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- ☐ Desenvolver un comportamento correcto como usuario/a deste servizo: entrar no comedor de forma ordenada e mantendo un ton de voz axeitado; esperar con paciencia e compostura a que chegue a comida; manter a mesa sempre limpa, sen deixar caer ou tirar a comida; e comunicarse adecuadamente cos compañeiros e compañeiras, evitando os berros e minimizando o ruído na sala.
- ☐ Coidar e respectar o local, o mobiliario, os enseres e utensilios de uso comunitario.

- No ámbito da educación para o lecer
  - ☐ Crear hábitos e proporcionar estratexias para o emprego correcto do tempo libre.
  - ☐ Tomar conciencia de que o tempo de patio é unha oportunidade para xogar e relacionarse, poñendo en marcha as habilidades sociais.
  - ☐ Planificar actividades de lecer que contribúan ao desenvolvemento harmónico da personalidade e ao fomento de hábitos sociais e culturais.

O **persoal integrante do servizo de comedor** está formado polo director/a, persoal laboral de cociña, encargado/a de comedor e colaboradores/as do comedor escolar.
As funcións e tarefas que ha de desenvolver este persoal atópanse descritas na Instrucción 2/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-2024.

As **normas xerais de funcionamento do comedor escolar** son as seguintes:

1. O comedor escolar comezará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño.
2. As estratexias de adaptación ao centro que se programan para o alumnado de tres anos ao inicio de curso esixirán regular o uso do servizo para este alumnado no período sinalado.
3. Todo aquel alumnado que precise e estea no seu dereito de solicitar o servizo de comedor escolar deberá facelo utilizando o impreso que se lle facilitará na Secretaría do centro.
4. O pagamento mensual dos prezos públicos e das tarifas pola utilización do comedor escolar produciranse entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo. O importe que os usuarios e usuarias deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. Os

usuarios e usuarias deberán comunicarlle ao centro os días que non vaian facer uso do comedor cunha antelación mínima dun día.

5. Nos cinco primeiros días naturais de cada mes, as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos poderán recoller os impresos de pagamento. Neles constarán os elementos esenciais da liquidación do prezo público establecido na normativa xeral en materia de taxas e prezos públicos. En calquera caso, a liquidación dos prezos públicos entenderase efectuada para todos os efectos o día 5 de cada mes.
6. O pagamento dos prezos públicos efectuaranse nas entidades de depósito autorizadas para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos pola consellería competente en materia de facenda, mediante os correspondentes impresos de pagamento ou por vía telemática a través da oficina virtual tributaria.
7. O horario de comedor será de 14:15 a 15:00 horas nos meses de setembro e xuño e de 12:50 a 14:50 horas o resto do ano. No período correspondente aos meses de outubro a maio, o servizo de comedor distribuirase en dúas quendas. Na primeira, ata as 13,50 horas, comerá o alumnado da etapa de educación infantil e de 1º, 2º e 3º de educación primaria, e na segunda quenda, que comezará ás 13,50 horas, comerá o alumnado de 4º, 5º e 6º de educación primaria e o estudantado da ESO.
8. O alumnado non usuario do servizo de comedor escolar non poderá incorporarse ao centro ata cinco minutos antes das saídas e entradas estipuladas no horario ordinario, dado que os accesos ao mesmo permanecerán pechados, por seguridade, ata ese momento.
9. Os horarios de recollida do alumnado deben respectarse para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas. Por este motivo, no período de tempo que media entre eles, non se permitirá a saída do centro, agás por causa xustificada.
10. O alumnado non poderá saír do recinto escolar durante o período de comedor. Se algunha persoa da súa familia se achega a recollelo antes de finalizar o mesmo debe alegar causa xustificada e seguir o procedemento xeral establecido no centro: notificación previa por escrito/Abalar, presentarse persoalmente para recoller ao alumnado en cuestión e sinatura no libro de saídas. No caso do alumnado de 5º EP, 6º EP e ESO con autorización para abandonar o centro só, non será preciso este procedemento.
11. O menú será único para todos/as os/as comensais, establecéndose excepcións para aquel alumnado con alerxias a determinados alimentos ou que padeza calquera

enfermidade ou trastorno somático que precise dunha alimentación específica (presentando o certificado médico correspondente).

12. En ningún caso se administrarán medicamentos ao alumnado que asista ao comedor. O alumnado non poderá inxerir medicación a non ser que sexa subministrada pola familia, salvo no caso de que estea incluído no programa de Alerta Escolar. En caso necesario, arbitrarase o xeito de que os pais, nais ou titores/as legais poidan acceder ao centro para administrarlle a medicación pertinente. Para isto, deben poñerse en contacto coa dirección.
13. Poderá consultarse o menú mensual na páxina web do centro: http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/. Esta información facilitará ás familias a preparación da dieta integral dos seus fillos e fillas, completando no resto de comidas o inxerido no comedor.
14. Todo o alumnado debe respectar as normas de funcionamento e de convivencia do comedor: aseo, entrada, conduta e hábitos de comida. O incumprimento das mesmas, así como o impago das mensualidades, pode chegar a supoñer a baixa no servizo do comedor escolar de xeito temporal ou definitivo.

As **normas xerais da convivencia no comedor escolar** son as seguintes:

1. O alumnado deberá alimentarse por si mesmo, facer uso dos servizos e utensilios para tal fin e lavar as mans.
2. Todo o alumnado irá ao baño e lavará as mans antes de acudir ao comedor. Durante a comida, non poderá ir aos aseos, agás no caso de indisposición ou enfermidade e sempre co permiso do/a encargado/a ou colaborador/a que nese momento atenda a súa mesa.
3. Non se poderán portar obxectos de fóra ao comedor nin sacar comida do mesmo.
4. Non está permitida a entrada na cociña de persoas alleas á mesma.
5. Porase especial coidado no uso correcto dos cubertos e da servilleta.
6. Serán sancionadas condutas como tirar pan, auga ou restos de comida no chan ou aos compañeiros/as.
7. O alumnado deberá adaptarse ao menú establecido, comendo a cantidade que se lles sirva (segundo as circunstancias, complexión...) e, en todo caso, probando a variedade de alimentos proporcionada.
8. En caso de non poder tomar algún alimento, deberase aportar un certificado médico que o acredite.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

9. Ás 12:50 horas (de outubro a maio) e ás 14:15 horas (en setembro e xuño), o alumnado sairá ao patio organizado en filas por cursos e agardará en silencio a que os/as colaboradores/as ordenen a entrada no comedor.
10. O acceso ao comedor farase con orde e tranquilidade, sen correr, sen empurrar aos compañeiros e compañeiras e sen berrar.
11. O alumnado sentarase nos lugares que lle sexan asignados. Estes postos serán fixos, aínda que poden mudar a criterio da dirección ou do encargada/o do comedor.
12. Deberase respectar todo o material e utensilios, sendo o alumnado responsable do seu deterioro por mal uso.
13. O alumnado deberá permanecer correctamente sentado en todo momento, sen xogar nin balancearse nas cadeiras nin moverse do seu sitio. Non poderá levantarse sen que se lle autorice. Para chamar ao persoal colaborador, deberá levantar a man e agardar ata ser atendido.
14. É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que os estudantes nunca se dirixirán aos demais berrando, senón falando nun ton de voz axeitado. Non está permitido charlar con alumnado doutras mesas, posto que iso suporía levantar demasiado a voz.
15. No caso de que se considere oportuno, por razóns estritamente educativas, o alumnado colaborará, na medida das súas posibilidades, co servizo de comedor.
16. O alumnado está obrigado a respectar ao persoal de cociña e colaboradores/as nos mesmos termos que ao profesorado do centro: deben acatar as normas e seguir as súas indicacións.
17. Cando o alumnado remate de comer, esperará empregando un ton de voz baixo a que se lle indique o momento da saída, que se fará nos mesmos termos que a entrada.
18. No tempo de lecer antes ou despois da comida (segundo a quenda asignada), o alumnado permanecerá no patio vixiado polos/as colaboradores/as.
19. O alumnado permanecerá no patio cos/as colaboradores/as ata que o mestre que imparta docencia na hora da tarde vaia recollelo.

O comedor e o tempo de lecer previo e posterior ao desenvolvemento da comida réxense polas mesmas normas de convivencia que o resto dos espazos do centro educativo. Polo tanto, o alumnado ha de manter en todo momento unha actitude correcta e cumprir de xeito sistemático coas indicacións proporcionadas polos docentes e o persoal encargado e colaborador do comedor escolar.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

Para regular o seu comportamento, o persoal arriba mencionado ten á súa disposición no comedor escolar o Modelo de comunicación ante unha incidencia producida neste período de tempo. A persoa que presencia a incidencia debe realizar unha descrición concreta dos feitos e entregar copia do documento na Dirección do centro, co fin de que se adopten as medidas correctoras oportunas, tendo en conta o grao de importancia e gravidade da situación.

Polo que respecta á **elaboración dos menús**, a dirección do centro programaraos de catro a seis semanas de acordo con criterios de alimentación saudable e equilibrada para o alumnado. Este menú será o mesmo para todos os comensais que fagan uso do servizo, sexa alumnado ou persoal do centro. Non obstante, o alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria medicamente documentada disporá dun menú adecuado ás súas necesidades. Ditos menús serán autorizados polo Consello Escolar e estarán xustificados mediante certificación médica. Así mesmo, a programación dos menús publicarase na páxina web do centro, no apartado de Comedor. O centro poderá modificalos parcialmente cando as circunstancias así o esixan (dispoñibilidade e/ou prezo dos alimentos).

Polo que respecta á **programación de actividades para o desenvolvemento do tempo de lecer**, estas terán lugar entre os meses de outubro e maio, xa que en setembro e xuño non hai tempo suficiente tras a celebración do xantar para ditas dinámicas.
Durante o tempo de lecer que medie entre a finalización da comida e o comezo das clases da tarde ou ben entre o remate das sesións lectivas da mañá e o inicio do xantar, os grupos de educación infantil e primaria organizarán o tempo de xogo no patio, vixiados polas persoas encargadas de cada curso, do seguinte xeito:
As persoas encargadas dos grupos de educación infantil, que saen ao patio na segunda quenda (de 13.50h a 14.50h), situaranse sempre na zona da area próximas ás aulas de infantil. Os grupos de educación primaria (4º, 5º e 6º EP na primeira quenda, de 12.50h a 13.50h; e 1º, 2º e 3º EP na segunda quenda, de 13.50h a 14.50h) ocuparán as zonas verdes e o patio coa pista deportiva, distribuíndose libremente nestes espazos para o desenvolvemento dos xogos elixidos.
As persoas colaboradoras adoptarán postos fixos no patio para a vixilancia e supervisión do mesmo. Así, as encargadas dos grupos de educación infantil, 1º, 2º e 3º EP atoparanse no interior do comedor escolar co alumnado asignado na primeira quenda e sairán ao exterior con eles durante a segunda. Pola contra, as persoas colaboradoras responsables dos grupos de 4º,

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

5º e 6º EP estarán no exterior, vixiando o patio durante a primeira quenda, e desprazaranse ao interior do comedor na segunda para atender ao alumnado nas mesas que teñan asignadas.
Dado que o alumnado poderá desprazarse libremente polo patio, a pista deportiva e as zonas verdes próximas á mesma (sen entrar en ningún caso no túnel que dá acceso ao edificio de educación secundaria), os/as colaboradores/as non poderán supervisar nese momento unicamente ao grupo que teñan asignado no comedor, senón que adoptarán posicións fixas para poder controlar os movementos dos estudantes que se atopen na área que lles corresponda, independemente do curso ao que pertenzan ditos alumnos/as.

En días de malas condicións meteorolóxicas, os grupos de educación infantil permanecerán nas súas aulas coas dúas coidadoras que lles corresponden. Pola súa parte, 1º e 2º EP ubicaranse na sala de usos múltiples e o resto de cursos de primaria ocupará o patio cuberto (neste último espazo non se poderá empregar material).

Finalmente, a actividade do Club de lectura de primaria realizarase na biblioteca do edificio de educación infantil e primaria e correrá a cargo de Cristina Lage. Non obstante, o alumnado dos diferentes grupos que se incorpore á dinámica do Club de lectura deberá avisar ao persoal colaborador de que se ausenta do grupo que lle corresponde para asistir ás sesións do Club de lectura.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 4. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DE CENTRO

Tras ser remitido a inspección e asinado e arquivado no centro, presentamos un resumo dos puntos máis importantes que salientar.

## 4.1. Datos estatísticos do alumnado

| CURSO | NÚMERO DE ALUMNADO | NÚMERO DE UNIDADES |
|---|---|---|
| 4º de infantil | 4 | 1 |
| 5º de infantil | 7 | |
| 6º de infantil | 13 | 1 |
| **TOTAL INFANTIL** | **24** | **2** |
| 1º de primaria | 13 | 1 |
| 2º de primaria | 20 | 1 |
| 3º de primaria | 22 | 1 |
| 4º de primaria | 21 | 1 |
| 5º de primaria | 13 | 1 |
| 6º de primaria | 14 | 1 |
| **TOTAL PRIMARIA** | **103** | **6** |
| 1º de secundaria | 27 | 1 |
| 2º de secundaria | 16 | 1 |
| 3º de secundaria | 16 | 1 |
| 4º de secundaria | 21 | 1 |
| **TOTAL SECUNDARIA** | **80** | **4** |
| **TOTAL DO CENTRO** | **207** | **12** |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 4.2. Horarios do alumnado

## 4º/5º INFANTIL

**SETEMBRO E XUÑO**

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:15-10:05 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 10:05-10-55 | Globalizado | Globalizado | Religión/PC | Globalizado | Cult. Musical |
| 10:55-11:45 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 11:45-12:15 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 12:15-12:35 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12:35-13:25 | Música | Inglés | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 13:25-14:15 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 14:15-15:00 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |

**OUTUBRO-MAIO**

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:30-10:20 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 10:20-11:10 | Globalizado | Globalizado | Religión/PC | Globalizado | Cult. Musical |
| 11:10-11:40 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 11:40-12 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12-12:50 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 12:50-14:50 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |
| 14:50-15:40 | Música | Inglés | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 15:40-16:30 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 16:30 | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 6º INFANTIL

## SETEMBRO E XUÑO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:15-10:05 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 10:05-10-55 | Globalizado | Música | Globalizado | Inglés | Globalizado |
| 10:55-11:45 | Globalizado | Globalizado | Religión/PC | Globalizado | Globalizado |
| 11:45-12:15 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 12:15-12:35 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12:35-13:25 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Cult. Musical |
| 13:25-14:15 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 14:15-15:00 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |

## OUTUBRO-MAIO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:30-10:20 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 10:20-11:10 | Globalizado | Música | Globalizado | Inglés | Globalizado |
| 11:10-11:40 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 11:40-12 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12-12:50 | Globalizado | Globalizado | Religión/PC | Globalizado | Globalizado |
| 12:50-14:50 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |
| 14:50-15:40 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Cult. Musical |
| 15:40-16:30 | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado | Globalizado |
| 16:30 | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 1º PRIMARIA

## SETEMBRO E XUÑO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:15-10:05 | Matemáticas | Matemáticas | EF | Matemáticas | Plástica |
| 10:05-10-55 | L. Galega | Religión/PC | Matemáticas | L. Galega | Matemáticas |
| 10:55-11:45 | L. Galega | L. Castelá | L. Castelá | L. Galega | L. Castelá |
| 11:45-12:15 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 12:15-12:35 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12:35-13:25 | C. Naturais | C. Sociais | Música | C. Naturais | Inglés |
| 13:25-14:15 | EF | L. Castelá | C. Sociais | Inglés | C. Naturais |
| 14:15-15:00 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |

## OUTUBRO-MAIO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:30-10:20 | Matemáticas | Matemáticas | EF | Matemáticas | Plástica |
| 10:20-11:10 | L. Galega | Religión/PC | Matemáticas | L. Galega | Matemáticas |
| 11:10-11:40 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 11:40-12 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12-12:50 | L. Galega | L. Castelá | L. Castelá | L. Galega | L. Castelá |
| 12:50-14:50 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |
| 14:50-15:40 | C. Naturais | C. Sociais | Música | C. Naturais | Inglés |
| 15:40-16:30 | EF | L. Castelá | C. Sociais | Inglés | C. Naturais |
| 16:30 | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 2º PRIMARIA

## SETEMBRO E XUÑO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:15-10:05 | Matemáticas | Inglés | Matemáticas | Música | Matemáticas |
| 10:05-10:55 | Religión/PC | Matemáticas | L. Castelá | Matemáticas | L. Galega |
| 10:55-11:45 | L. Castelá | C. Naturais | Plástica | Inglés | EF |
| 11:45-12:15 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 12:15-12:35 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12:35-13:25 | C. Sociais | L. Castelá | L. Galega | C. Natureza | C. Sociais |
| 13:25-14:15 | L. Galega | EF | C. Sociais | L. Galega | L. Castelá |
| 14:15-15:00 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |

## OUTUBRO-MAIO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:30-10:20 | Matemáticas | Inglés | Matemáticas | Música | Matemáticas |
| 10:20-11:10 | Religión/PC | Matemáticas | L. Castelá | Matemáticas | L. Galega |
| 11:10-11:40 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 11:40-12 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12-12:50 | L. Castelá | C. Naturais | Plástica | Inglés | EF |
| 12:50-14:50 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |
| 14:50-15:40 | C. Sociais | L. Castelá | L. Galega | C. Natureza | C. Sociais |
| 15:40-16:30 | L. Galega | EF | C. Sociais | L. Galega | L. Castelá |
| 16:30 | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 3º PRIMARIA

## SETEMBRO E XUÑO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:15-10:05 | Religión/PC | Matemáticas | Matemáticas | Matemáticas | L. Galega |
| 10:05-10-55 | L. Galega | Inglés | Plástica | L. Castelá | L. Castelá |
| 10:55-11:45 | C. Naturais | L. Galega | L. Galega | EF | Música |
| 11:45-12:15 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 12:15-12:35 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12:35-13:25 | Matemáticas | L. Castelá | Inglés | C. Sociais | C. Naturais |
| 13:25-14:15 | Inglés | C. Naturais | EF | L. Galega | C. Sociais |
| 14:15-15:00 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |

## OUTUBRO-MAIO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:30-10:20 | Religión/PC | Matemáticas | Matemáticas | Matemáticas | L. Galega |
| 10:20-11:10 | L. Galega | Inglés | Plástica | L. Castelá | L. Castelá |
| 11:10-11:40 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 11:40-12 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12-12:50 | C. Naturais | L. Galega | L. Galega | EF | Música |
| 12:50-14:50 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |
| 14:50-15:40 | Matemáticas | L. Castelá | Inglés | C. Sociais | C. Naturais |
| 15:40-16:30 | Inglés | C. Naturais | EF | L. Galega | C. Sociais |
| 16:30 | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 4º PRIMARIA

### SETEMBRO E XUÑO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:15-10:05 | Matemáticas | Matemáticas | Matemáticas | Inglés | EF |
| 10:05-10-55 | C. Sociais | C. Naturais | EF | L. Castelá | Matemáticas |
| 10:55-11:45 | Relixión/PC | Música | L. Galega | Plástica | L. Castelá |
| 11:45-12:15 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 12:15-12:35 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12:35-13:25 | Inglés | L. Castelá | C. Sociais | C. Sociais | C. Naturais |
| 13:25-14:15 | L. Galega | Inglés | L. Castelá | L. Galega | L. Galega |
| 14:15-15:00 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |

### OUTUBRO-MAIO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:30-10:20 | Matemáticas | Matemáticas | Matemáticas | Inglés | EF |
| 10:20-11:10 | C. Sociais | C. Naturais | EF | L. Castelá | Matemáticas |
| 11:10-11:40 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 11:40-12 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12-12:50 | Relixión/PC | Música | L. Galega | Plástica | L. Castelá |
| 12:50-14:50 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |
| 14:50-15:40 | Inglés | L. Castelá | C. Sociais | C. Sociais | C. Naturais |
| 15:40-16:30 | L. Galega | Inglés | L. Castelá | L. Galega | L. Galega |
| 16:30 | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 5º PRIMARIA

## SETEMBRO E XUÑO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:15-10:05 | L. Galega | Relixión/PC | Inglés | EF | L. Galega |
| 10:05-10-55 | Plástica | L. Castelá | L. Galega | L. Castelá | EF |
| 10:55-11:45 | Matemáticas | Inglés | L. Castelá | L. Galega | L. Castelá |
| 11:45-12:15 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 12:15-12:35 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12:35-13:25 | C. Naturais | Matemáticas | Matemáticas | Inglés | Matemáticas |
| 13:25-14:15 | C. Sociais | C. Sociais | C. Naturais | Música | C. Naturais |
| 14:15-15:00 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |

## OUTUBRO-MAIO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:30-10:20 | L. Galega | Relixión/PC | Inglés | EF | L. Galega |
| 10:20-11:10 | Plástica | L. Castelá | L. Galega | L. Castelá | EF |
| 11:10-11:40 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 11:40-12 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12-12:50 | Matemáticas | Inglés | L. Castelá | L. Galega | L. Castelá |
| 12:50-14:50 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |
| 14:50-15:40 | C. Naturais | Matemáticas | Matemáticas | Inglés | Matemáticas |
| 15:40-16:30 | C. Sociais | C. Sociais | C. Naturais | Música | C. Naturais |
| 16:30 | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA | SAÍDA |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 6º PRIMARIA

## SETEMBRO E XUÑO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:15-10:05 | Inglés | Plástica | Matemáticas | L. Castelá | Inglés |
| 10:05-10-55 | Matemáticas | L. Castelá | L. Galega | Matemáticas | Matemáticas |
| 10:55-11:45 | L. Galega | L. Galega | L. Castelá | C. Sociais | C. Naturais |
| 11:45-12:15 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 12:15-12:35 | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| 12:35-13:25 | Religión/PC | C. Naturais | Valores | L. Galega | L. Castelá |
| 13:25-14:15 | C. Sociais | Música | Inglés | EF | EF |
| 14:15-15:00 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |

## OUTUBRO-MAIO

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:30-10:20 | Inglés | Plástica | Matemáticas | L. Castelá | Inglés |
| 10:20-11:10 | Matemáticas | L. Castelá | L. Galega | Matemáticas | Matemáticas |
| 11:10-11:40 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
Todas as actividades extraescolares e complementarias deberán respectar os principios lexislativos de:

- Voluntariedade para o alumnado.
- Non discriminación.
- Ausencia de lucro.
- Se algún alumno/a non quixera ou non tivera permiso da familia para participar nunha actividade, a dirección arbitrará o máis adecuado para atendelos.

Unha vez aprobadas as actividades a desenvolver por parte do Consello Escolar, deberá entregarse ante o Coordinador de Actividades Complementarias e Extraescolares do centro, e sempre coa suficiente antelación, a seguinte información:

- A denominación específica da actividade.
- O nome do Docente, Departamento Didáctico ou Equipo de Traballo que a leva a cabo.
- A data, horario e lugar previstos para o seu desenvolvemento.
- O transporte a empregar no caso de ser necesario: a súa contratación será realizada polo equipo directivo en colaboración co Coordinador de Actividades Complementarias e Extraescolares do centro.
- O aloxamento previsto (de ser necesario).
- O custo e as fórmulas de financiamento: nos casos nos que a actividade teña un custo asociado, o profesorado responsable da actividade encargarase de recoller os cartos, de comunicar a cantidade ó Coordinador de Actividades Complementarias e Extraescolares e de levar o diñeiro a Secretaría, con 3 días de antelación sobre a data prevista para a realización da actividade. Nos casos nos que a actividade teña un custo asociado e este sexa significativo (por exemplo, no caso de viaxes de varios días), evitarase que o centro sexa intermediario entre familias e empresas asociadas a actividade, ingresando as primeiras directamente o diñeiro na conta das entidades organizadoras. O papel do profesorado organizador será o de informar axeitadamente ás familias e establecer unha data límite nos pagos.
- A listaxe de alumnado participante indicando a etapa e nivel ao que pertence: o/a docente encargado/a da organización da actividade deberá utilizar a opción de "Actividades" dentro do XADE para ter gravado o alumnado que participa cun mínimo de 24 horas previas á realización da actividade.
- Especificar o profesorado acompañante da actividade.

No caso das actividades complementarias e extraescolares fóra da localidade, deberase contar, alomenos, cos seguintes requisitos:

a) Aprobación do Consello Escolar.

b) Autorización escrita dos pais,nais, titores legais (empregando para tal fin o modelo de autorización deseñado dende a Dirección do centro, e que se axustará á actividade correspondente).

c) O alumnado será acompañado polo profesorado correspondente na proporción dun profesor por cada unidade. Poderá un profesor acompañar máis dunha unidade sempre e cando o total de

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

alumnos non pase os 25 ou 30, segundo sexan de educación infantil ou primaria, ou secundaria, respectivamente.

Cando, excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares non previstas na programación xeral anual, será necesaria a súa aprobación polo equipo directivo, tralo informe favorable, de ser o caso, do equipo de actividades complementarias e extraescolares, dando conta ó Consello Escolar na reunión seguinte que se efectúe. Por iso é importante que as actividades non previstas se presenten por correo electrónico cun mínimo de 15 días de antelación, ante o Coordinador de Actividades Complementarias e Extraescolares do centro e ao email do centro.

O profesorado encargado da actividade debería cumplimentar unha breve memoria da actividade, (con soporte gráfico: fotos e/ou vídeos), coa finalidade de poder incorporala ás memorias finais. A este fin, cubrirase o modelo de recensión proposto desde Dirección en colaboración co Coordinador de Actividades Complementarias e Extraescolares do centro.

## 5.2. Previsión de conmemoracións

Atendendo ás datas que figuran no Anexo I da Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, levouse a cabo a seguinte asignación de conmemoracións aos equipos de traballo e ao profesorado do centro:

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia: biblioteca.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero: todo o profesorado e CPInclúe IguálaT.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia: EDLG.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade: biblioteca.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: biblioteca.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación: biblioteca.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz: todo o profesorado.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro: biblioteca e EDLG.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller: Todo o profesorado.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa: todo o profesorado.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor:TIC.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas: EDLG.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde: CPInnova Vida activa e deportiva.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro: biblioteca.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar: todo o profesorado.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa: EDLG.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas: EDLG.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Ambiente: biblioteca e Plan Proxecta de Vida Activa e Deportiva.
- Celebración da igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (mes de xuño): todo o profesorado.

Como se pode comprobar e segundo se viña facendo en anos anteriores, ao Equipo Plurilingüe non se lle asignou ningunha das conmemoracións anteriores. Isto débese a que desde este grupo de traballo se conmemoran outras datas de interese vencelladas aos calendarios dos países anglófonos. Estas datas son decididas polo coordinador nas reunións do equipo, escoitando as posibles propostas que poidan saír por parte do resto do profesorado participante e da persoa auxiliar de conversa. A intención é sempre a de acordar a mellor proposta de aprendizaxe para o alumnado do centro.

## 5.3. Previsión de actividades complementarias/extraescolares

| **ETAPA DE : EDUCACIÓN INFANTIL** | | | |
|---|---|---|---|
| **Docente/Equipo de traballo**: Jose Suárez Neira | | | |
| **Actividades** | **Trimestre** | **Destinatarios/as** | **Obxectivos** |
| Actividade complementaria: *Visita de persoas expertas no tema do* | 1º, 2º e 3º. | 4º e 5º de E.I. | ● Achegar coñecementos sobre a fauna mariña e as artes |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | |
|---|---|---|---|
| *proxecto ( O MAR)* | | | de pesca.<br>● Desenvolver a conciencia dunha pesca sostible |
| Actividade complementaria: *Contacontos* | 1º,2º e 3º. | 4º,5º e 6º de E.I. | ● Desenvolver actitudes de iniciación á lectura.<br>● Coñecer diferentes contos e historias tradicionais.<br>● Potenciar a escoita activa de contos. |
| Actividade complementaria: *Carreira solidaria* | 1º | Todo o centro. | ● Fomentar os valores do deporte.<br>● Coñecer, vivenciar e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais.<br>● Concienciar ao alumnado cara a sensibilización a prol de certas enfermidades. |
| Actividade complementaria: *Visita ás Torres do Allo* | 1º | 4º,5º E 6º de E.I. | ● Iniciar ao alumnado na práctica de actividades no medio natural.<br>● Vivenciar o estado do entorno natural no outono.<br>● Recoller elementos propios de outono. |
| Actividade extraescolar: *visita ao museo científico de A Coruña* | 2º | 4º,5º e 6º E.I. | ● Visitar o museo científico e desenvolver actitudes ao respecto.<br>● Desfrutar dunha saída e das normas establecidas para a mesma. |
| Actividade extraescolar: *Pesca no porto de Laxe* | 3º | 4º e 5º de E.I. | ● Favorecer as relacións persoais entre o alumnado.<br>● Iniciar ao alumnado na práctica de actividades no medio natural.<br>● Vivenciar algunha artes de pescar traballadas na aula.<br>● |
| Actividade extraescolar: *Visita a Fisterra* | 3º | 4º,5º e 6º de E.I. | ● Coñecer unha vila mariñeira próxima.<br>● Vivenciar unha aventura a bordo dun barco. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | ● Visitar o museo do mar.<br>● Coñecer o proceso pasa o peixe dende a súa captura ata o prato na lonxa de Fisterra. |
| Actividade extraescolar: Parque multiaventura | 3º | 4º,5º e 6º de E.I. | ● Favorecer as relacións persoais entre o alumnado.<br>● Desfrutar dunha xornada lúdica en espazos descoñecidos. |
| Actividade complementaria: *Camiñata á praia de Soesto* | 3º | Infantil e primaria. | ● Participar en tarefas que favorecen a conservación do ecosistema.<br>● Desenvolver a conciencia sobre a limpeza da contorna. |
| Actividade complementaria: *Conmemoracións* | 1º , 2º e 3º. | Todo o centro | ● Celebrar o días de obrigada conmemoración. |
| Actividade extraescolar: *Excursión de Fin de Curso* | 3º | 4º,5º e 6º E.I. | ● Desfrutar do peche do curso . |

| ETAPA DE : EDUCACIÓN INFANTIL | | | |
|---|---|---|---|
| ● **Docente/Equipo de traballo**: Fernando Pose Martínez | | | |
| **Actividades** | **Trimestre** | **Destinatarios/as** | **Obxectivos** |
| Actividade complementaria: *Actividade ecolóxica de limpeza da praia de Laxe.* | 1º e 3º. | 4º e 5º e 6º de E.I | ● Traballar no proxecto relacionado coa artista Caroline South.<br>● Desenvolver a conciencia sobre a limpeza da contorna |
| Actividade complementaria: *Apadriñamento lector e contos en familia.* | 1º,2º e 3º. | 4º,5º e 6º de E.I | ● Desenvolver actitudes de iniciación á lectura.<br>● Coñecer diferentes contos e historias tradicionais.<br>● Potenciar a escoita activa de contos. |
| Actividade complementaria: *Carreira Solidaria "unoentrecienmil"* | 1º | Todo o centro | ● Fomentar os valores do deporte.<br>● Coñecer, vivenciar e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | deportivas como elementos culturais.<br>● Concienciar ao alumnado cara a sensibilización a prol de certas enfermidades. |
| Actividade complementaria: *Visita ás Torres do Allo.* | 1º | 4º,5º E 6º de E.I. | ● Iniciar ao alumnado na práctica de actividades no medio natural.<br>● Vivenciar o estado do entorno natural no outono.<br>● Recoller elementos propios de outono. |
| Actividade extraescolar: *Visita a Fisterra.* | 3º | 4º,5º e 6º de E.I. | ● Coñecer unha vila mariñeira próxima.<br>● Vivenciar unha aventura a bordo dun barco.<br>● Visitar o museo do mar.<br>● Coñecer o proceso pasa o peixe dende a súa captura ata o prato na lonxa de Fisterra. |
| Conmemoracións: | 1º , 2º e 3º. | Todo o centro | ● Celebrar o días de obrigada conmemoración. |
| Actividade extraescolar: *Visita a un museo situado na cidade da Coruña* | 2º | 4º,5º e 6º de E.I. | ● Visitar o museo científico e desenvolver actitudes ao respecto.<br>● Desfrutar dunha saída e das normas establecidas para a mesma. |
| Actividade complementaria: *Visita de persoas expertas no tema do proxecto ( As Profesións).* | 3º | 6º de E.I. | ● Achegar coñecementos sobre as profesións.<br>● Abrir as portas da escola á participación das familias. |
| Actividade extraescolar: *Excursión de Fin de Curso.* | 3º | 4º,5º e 6º E.I. | ● Desfrutar do peche do curso . |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| **Materia:** EDUCACIÓN FÍSICA/PROXECTO COMPETENCIAL PRIMARIA | | | |
|---|---|---|---|
| **Docente/Equipo de traballo**: Alejandra Mª Pose Lema | | | |
| **Actividades** | **Trimestre** | **Destinatarios/as** | **Obxectivos** |
| Actividade complementaria: *Xogos populares polo magosto* | 1º | 1º,2º,3º ciclo de E.P. nas sesións de EF | ● Coñecer, vivenciar e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais. |
| Actividade complementaria: *Xogos cooperativos polo día da Paz* | 2º | 1º,2º,3º ciclo de E.P. nas sesións de EF | ● Traballar en equipo respectando as diferencias individuais. |
| Actividade complementaria: *Limpeza da contorna* | 2º | 1º,2º, 3º ciclo de E.P. nas sesións de PC | ● Coidar e respectar o entorno próximo. |

| **DEPARTAMENTO DE:** 1º/2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | |
|---|---|---|---|
| **Docente/Equipo de traballo**: Sara Carou Vigo e Cristina Lage Villar | | | |
| **Actividades** | **Trimestre** | **Destinatarios/as** | **Obxectivos** |
| Actividade complementaria: *Visita ao salón de plenos do Concello de Laxe* | 1º | 1º e 2º de E.P. | ● Achegar a realidade da política local.<br>● Establecer conexións entre o traballado na aula e a realidade do seu propio concello. |
| Actividade complementaria: *Recollida de lixo na praia de Laxe* | 1º/2º e 3º | 1º e 2º de E.P. | ● Preservar e coidar za contorna próxima.<br>● Tomar conciencia sobre a contaminación medioambiental na contorna próxima.<br>● Reflexionar sobre as posibilidades de cambio da contorna que están na nosa man. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | |
|---|---|---|---|
| Actividade extraescolar: *MELGA* | 2º | 1º e 2º de E.P. | • Coñecer e desfrutar do patrimonio lúdico de Galicia. |
| Actividade complementaria: *Cinema de Primavera* | 2º | 1º e 2º de E.P. | • Desfrutar da cultura audiovisual. |
| Actividade complementaria: *Taller de Pascua* | 2º | 1º e 2º de E.P. | • Dar a coñecer a tradición vinculada ao coello de Pascua no inicio da primavera.<br>• Realizar actividades dende o punto de vista lúdico que contribúan ao coñecemento desas tradicións. |
| Actividade extraescolar: *Andainas pola contorna (A Ínsua, O Faro, A praia dos Cristais, A Lonxa, A ruta dos muíños, O Castro de Borneiro, etc.).* | 2º/3º | 1º e 2º de E.P. | • Fomentar o sendeirismo como actividade lúdica e de coñecemento do medio natural. |
| Actividade extraescolar: *Museos científicos da Coruña* | 3º | 1º e 2º de E.P. | • Visitar e experimentar coa ciencia en espazos alternativos ao centro. |
| Actividade extraescolar: *Excursión final de curso (xuño)* | 3º | 1º e 2º de E.P. | • Desfrutar do peche do curso cunha actividade sorpresa. |

**DEPARTAMENTO DE:** 5º e 6º de PRIMARIA: ARACELI E MICKAEL

**Docente/Equipo de traballo**: María Araceli Villar Bellón e Mickael Pose Rodríguez

| Actividades | Trimestre | Destinatarios/as | Obxectivos |
|---|---|---|---|
| Actividade Extraescolar: *Centro de día Recréate (Coruña)* | 2º | 5º E 6º de E.P. | • Achegar a realidade da vida das persoas da terceira idade.<br>• Establecer conexións de distintas xeracións así como intercambio de tradicións, así como historias contadas polas persoas da terceira idade.<br>• Concienciar ó alumnado da importancia de interacción coas |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | persoas maiores. |
| *HELP! (TROUBLE IN THE JUNGLE)*<br>*Teatro de actor*<br>*Face2face Company*<br>*A FUNDACION OBRA SOCIAL* | 2º | 5º E 6º de E.P. | ● Asimilar novos coñecementos e aprender a expresarse en inglés |
| Actividade extraescolar: Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña | 2º | 5º E 6º de E.P. | ● Preservar e coidar a contorna próxima.<br>● Tomar conciencia sobre a contaminación e sobre como inflúe na súa conservación.<br>● Reflexionar sobre as posibilidades de cambio da contorna que están na nosa man. |
| Actividade extraescolar: Aquarium (Coruña) | 2º | 5º E 6º de E.P. | ● Coñecer e desfrutar das diferentes especies presentes na nosa contorna. |
| Actividade extraescolar: *Casa Museo PICASSO (Coruña)* | 3º | 5º E 6º de E.P. | ● Desfrutar da arte audiovisual. |
| Actividade extraescolar: *Actividades no MUNCYT (Coruña)* | 3º | 5º E 6º de E.P. | ● Dar a coñecer a tradición vinculada ao coello de Pascua no inicio da primavera.<br>● Realizar actividades dende o punto de vista lúdico que contribúan ao coñecemento desas tradicións. |
| Actividade extraescolar: *Catedral de Santiago de Compostela* | 3º | 5º E 6º de E.P. | ● Visitar espazos con diferentes estilos arquitectónicos, que forman parte da nosa tradición e historia. |
| Actividade extraescolar*: Arquivo da Emigración Galega Santiago de Compostela* | 3º | 5º E 6º de E.P. | ● Desfrutar do peche do curso cunha actividade sorpresa. |

| **ETAPA DE:** 3º e 4º de Primaria |
|---|
| **Docente/Equipo de traballo**: Mariña Lema Blanco |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| Actividades | Trimestre | Destinatarios/as | Obxectivos |
|---|---|---|---|
| Actividade extraescolar: *Visita á casa dos peixes* | 1º | 3º e 4º de E.P. | • Favorecer a exploración e experimentación do alumnado de xeito lúdico.<br>• Traballar os reinos dos animais, concretamente o dos peixes, e os seus ecosistemas. |
| Actividade extraescolar: *Saída ao cine* | 2º | 3º e 4º de E.P. | • Visualizar unha película didáctica nun entorno que, para parte do alumnado, resulta novidoso. |
| Actividade extraescolar: *Concerto didáctico da Escola Sinfónica da Coruña* | 2º | 4º EP de E.P. | • Achegar ao alumnado á música clásica dun xeito novidoso e atractivo. |
| Actividade extraescolar: *Visita á Catedral de Santiago e á Senda Mitolóxica do Monte Viso* | 3º | 4º de E.P. | • Valora o patrimonio propio.<br>• Achegar ao alumnado á mitoloxía galega.<br>• Realizar actividade física nun medio natural. |

| **EQUIPO DE TRABALLO:** CLUB DE LECTURA "LIBROS AO CABO" | | | |
|---|---|---|---|
| **Docente:** Ana María Porteiro Chouciño | | | |
| **Actividades** | **Trimestre** | **Destinatarios/as** | **Obxectivos** |
| Actividade complementaria: *Sesión de contacontos e apadriñamentos lectores* guiada polo alumnado da ESO. | 1º, 2º, 3º (unha sesión en cada trimestre) | O alumnado de educación infantil e primaria | • Promover a lectura entre o alumnado para mellorar a competencia lectora e as súas destrezas comprensivas e expresivas, ademais de enriquecer o seu acervo cultural. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | ● Animar ao alumnado a ler en diferentes linguas, favorecendo así o desenvolvemento da competencia plurilingüe e o interés dos/as estudantes por perfeccionar o dominio dos distintos idiomas que manexan, amosando respecto pola diversidade cultural que estes expresan. |
| Actividade complementaria: *Encontro literario con Estefanía Padullés* | 2º | O alumnado pertencente ao club de lectura de 4º-6º EP. | ● Favorecer o contacto directo con algúns dos autores e autoras máis representativos da literatura galega actual, para presentar aqueles textos que reflictan os intereses do alumnado do centro. |
| Actividade complementaria: *Encontro literario con Marisa Castro* | 3º | O alumnado pertencente ao club de lectura de 1º, 2º, 3º e 4º ESO. | ● Favorecer o contacto directo con algúns dos autores e autoras máis representativos da literatura galega actual, para presentar aqueles textos que reflictan os intereses do alumnado do centro. |
| Actividade extraescolar: *Roteiro literario pola Costa da Morte arredor da obra Volverás, golfiño, de Andrea Maceiras* | 3º | O alumnado pertencente ao club de lectura de 4º-6º EP e ESO. | ● Promover a lectura de obras en galego e mesmo de textos universais traducidos a este idioma.<br>● Fomentar o intercambio de experiencias literarias con representantes doutras institucións culturais. |

| **DEPARTAMENTO DE: TECNOLOXÍA** | | | |
|---|---|---|---|
| **Docente**: Marcos Maseda Prieto | | | |
| **Actividades** | **Trimestre** | **Destinatarios/as** | **Obxectivos** |
| Actividade complementaria: *Obradoiro pegada dixital* | 2º | 2º e 3º da ESO | ● Fomentar o bo uso das RRSS e amosar os riscos que se atopan nelas. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | |
|---|---|---|---|
| Actividade extraescolar: *Visita DOMUS e MuNCyt (A Coruña)* | 3º | 2º e 4º da ESO | ● Achegar ó alumnado á Ciencia e a Tecnoloxía dunha maneira lúdica. Fomentando o uso das TIC e coñecendo o orixe das mesmas. |

| **DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA** | | | |
|---|---|---|---|
| **Docente**: Sergio Pereira Bendaña e Antón Varela | | | |
| **Actividades** | **Trimestre** | **Destinatarios/as** | **Obxectivos** |
| Actividade complementaria: *Visita de instructora de Yoga* | 1º/2º Trimestre | 1º, 2º, 3º e 4º da ESO | ● Achegar o Yoga ao sistema educativo<br>● Desenvolver a conciencia corporal<br>● Potenciar a autoestima e a canalización de emocións |
| Actividade extraescolar: *Semana Branca en Astún* | 2º | 3º e 4º da ESO | ● Iniciar ao alumnado na práctica de actividades no medio natural.<br>● Realizar desprazamentos especializados na neve.<br>● Favorecer as relacións persoais entre o alumnado.<br>● Desenvolver actitudes de esforzo e superación persoal, de asunción das propias limitacións, de cooperación, tolerancia e de aproveitamento do tempo libre de maneira activa. |
| Actividade complementaria: *Conmemoración do día do deporte* | 3º | 1º, 2º, 3º e 4º da ESO | ● Fomentar os valores do deporte<br>● Coñecer, vivenciar e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais. |
| Actividade extraescolar: *Deporte Intercentros do "Plan Xogade"* | 3º | 1º, 2º, 3º e 4º da ESO | ● Favorecer as relacións persoais entre o alumnado dos diferentes institutos da contorna.<br>● Realizar deportes inclusivos.<br>● Resolver problemas motores en contornas non habituais. |
| Actividade extraescolar: *Excursión de fin de curso á Tenerife* | 3º | 4º da ESO | ● Rematar unha etapa dunha forma lúdica e educativa.<br>● Fomentar a autonomía do |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | alumnado nun espazo non habitual. |

# 6. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Como cada ano, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) realizou o seu plan de actividades que serán levadas a cabo ao longo de todo o ano escolar. Os seus integrantes serán os encargados de dinamizar e normalizar o uso da lingua galega no contexto educativo. Para tal fin, realizaron a seguinte proposta de actividades:

- Mantemento do blog Lingua Cabo da Area: https://linguacabodaarea.blogspot.com/, incorporando nel non só accións desenvoltas no centro ao respecto da lingua e da cultura galegas, se non tamén información diversa en relación ao ámbito galego
- Efeméride do mes: cada mes o Equipo pendurará información sobre unha efeméride que consideremos relevante para a cultura galega
- Actividades para a celebración do Samaín, en colaboración coa Biblioteca e o departamento de Lingua Galega
- Colaboración no Magosto e actividades relacionadas co outono
- Celebración do mes da ciencia en galego
- Celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller
- Calendario 2023-2024
- Actividades pola paz
- Celebración do día de Rosalía de Castro
- Actividades do Entroido en colaboración coa Biblioteca e/ou o departamento de Lingua Galega
- Exposición Día da Muller Traballadora
- Celebración do Día da Poesía
- Actividades en colaboración co departamento de Lingua Galega para celebrarmos o Día do libro
- Conmemoración Día das Letras Galegas en colaboración coa Biblioteca e/ou o departamento de Lingua Galega
- Panel informativo permanente, dinámico e colaborativo (todo o ano), con seccións diferentes que se adapten a infantil/primaria e a secundaria
- Participación no Correlingua

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Visitas de escritores/as en lingua galega
- Saídas didácticas con carácter interdisciplinar

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 7. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO (PFPP)

Neste curso 2023/2024 o CPIP Cabo da Area traballará en tornos á mellora da competencia dixital e da competencia didáctica. Os obxectivos xerais serán:

- Mellorar a dinamización das actividades do centro.
- Mellorar o dominio do profesorado no relativo ás novas tecnoloxías para a creación e difusión de actividades.
- Formar no uso da aula vitual e de programa Edixgal, así como doutras ferramentas TIC aplicadas ao ensino.
- Fomentar a creatividade e formación do alumnado nun contexto de aprendizaxe competencial, baseado nun aprendizaxe activo e manipulativo, no deseño, solución de problemas e aprendizaxe entre iguais.
- Capacitar aos membros da comunidade educativa no uso do equipamento integrante do programa.
- Mellorar a competencia dixital e STEM dos membros da comunidade educativa.

En torno a iso o PFPP articularase en torno a dous seminarios

1. **Dinamización do plan dixital do centro** entre cuxos contidos están:
    - Aprendizaxe baseada en proxectos.
    - Ferramentas dixitais para a creación e edición de contidos.
    - Uso de tecnoloxías dixitais para a colaboración e o traballo en equipo.
    - Manexo do programa E-Dixgal.
2. **Polos creativos** entre cuxos contidos están:
    - Introdución á metodoloxía Maker: que é a metodoloxía Maker e como se aplica en diferentes contextos.
    - Uso de ferramentas e materiais: diferentes tipos de ferramentas e materiais utilizados no proceso de creación Maker.
    - Exploración de tecnoloxías como a impresión 3D, robótica e tecnoloxía, deseño e modelado...
    - Aprendizaxe baseada en proxectos.
    - Ferramentas dixitais para a creación e edición de contidos.
    - Uso de tecnoloxías dixitais para a colaboración e o traballo en equipo.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 8. OUTROS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

## 8.1. PLAMBE

As liñas prioritarias de actuación no marco da Biblioteca escolar do CPI Plurilingüe Cabo da Area para o curso 2023-2024 son as seguintes:

1. **Desde o punto de vista da organización e xestión:**

a) Formar un equipo de biblioteca con representantes das tres etapas educativas que se coordine cos outros grupos de traballo, co fin de levar a cabo as actividades programadas no Proxecto Anual da Biblioteca.

b) Elaborar orientacións para o claustro sobre a biblioteca, o Proxecto Lector, o Plan Anual de Lectura e aplicar criterios, procedementos, indicadores e instrumentos de avaliación arredor do funcionamento da biblioteca.

c) Deseñar o Proxecto Anual da biblioteca e realizar a memoria final do curso.

d) Continuar coa formación de usuarios e a colaboración dos axudantes da biblioteca.

e) Avanzar na catalogación a través de MEIGA, adicando o mes de outubro a que os compoñentes de nova incorporación do equipo de biblioteca se familiaricen co seu manexo. Continuarase empregando este sistema para a xestión e empréstito de fondos, así como instrumento de seguimento e valoración dos usuarios lectores.

f) Realizar o expurgo dos fondos existentes, cando sexa necesario, ao longo do todo curso.

g) Fomentar actividades de animación á lectura. Para adquirir novos fondos, terase en conta a avaliación do presente curso, as propostas do buzón de suxestións, as necesidades da biblioteca, do alumnado, das familias e dos departamentos.

h) Establecer un contacto frutífero co concello e con outras institucións da contorna para realizar actividades en común.

2. **Polo que respecta aos recursos da biblioteca:**

O equipo da biblioteca deseñará actividades relacionadas cos contidos curriculares das diferentes etapas que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave, cuxas pretensións van dirixidas cara:

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

a) Adquisición de novos fondos para minimizar as carencias e diversificar os materiais de referencia (*Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería*).

b) Creación de recunchos para tratar temas de sensibilidade social: espazo das emocións e da igualdade, das linguas da escola, dos libros editados polo alumnado… (*Competencia cidadá*).

c) Enriquecemento da zona multimedia grazas á incorporación de libros electrónicos; manexo da emisora radiofónica escolar; fomento do uso do blog da biblioteca (https://bibliocaboarea.wixsite.com/laxe) e difusión entre o claustro e o alumnado de recomendacións de webs de interese e outras aplicacións de carácter educativo (*Competencia dixital*).

d) Deseño de actividades específicas para a formación de usuarios e a procura crítica e autónoma de información (*Competencia persoal, social e de aprender a aprender, e competencia emprendedora)*.

e) Programación de actuacións e proxeccións en datas sinaladas de carácter sociocultural (*Competencia en conciencia e expresións culturais*).

f) Deseño de actividades de expresión escrita e animación á lectura, non só a través da celebración de festividades concretas, senón tamén mediante as dinámicas establecidas no club de lectura de primaria e secundaria (*Competencia en comunicación lingüística*).

Para a *dinamización e promoción* dos recursos, empregaranse os seguintes instrumentos:

a) Actualización e dinamización do blog da biblioteca, coordinado polo equipo de biblioteca, coa colaboración activa dos usuarios da biblioteca, dos membros do club de lectura e da comunidade educativa en xeral. Preténdese seguir promocionando o seu manexo para convertelo na principal plataforma de comunicación da biblioteca cos usuarios.

b) Ferramentas dixitais: difusión do uso da plataforma ELBE2 entre o alumnado para a súa formación na lectura dixital; deseño de actividades de gamificación; traballo con aplicacións educativas multimedia; emisión de podcasts na radio escolar que fomentarán o traballo por proxectos, o labor investigador do alumnado e o emprego das TIC como medio de transmisión dos coñecementos aprendidos e como vehículo comunicante da creatividade dos estudantes e das súas propias producións académicas. A pretensión é continuar o vindeiro curso enriquecendo os recursos informáticos e transmitindo a través desta canle moitos dos contidos, proxectos e actividades da biblioteca.

c) Ferramentas en papel impreso: boletíns de novidades, guías de lectura, comunicacións informativas, optimización dos itinerarios lectores detallados coas propostas realizadas polos distintos departamentos didácticos…

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

d) Órganos de xestión: presenza e participación nos órganos de xestión do centro (claustro, consello escolar e equipos de traballo).

3. **En canto á formación de usuarias/os:**

a) Deseño do Plan de biblioteca como Proxecto Interdisciplinar de centro, partindo das actividades para formación de usuarios (explicación sobre a estrutura e organización da biblioteca, búsqueda de datos en fontes diversas, consulta do OPAC e familiarización co MEIGA, rexistro e catalogación básica para os voluntarios, tramitación de empréstitos e devolucións de fondos…), actividades de educación documental e dixital, para o acceso á información: formación de usuarios mediante xogos educativos; emprego de webquest; procura de información; difusión da traxectoria profesional dos autores e autoras que nos visiten; enriquecemento do blog con proxectos, presentacións…; aplicación práctica dos recursos de innovación educativa, particularmente os vinculados ao libro dixital e á gamificación como medio eficaz para o deseño de actividades de animación á lectura.

b) Participación en actividades de formación do profesorado relacionadas coa biblioteca escolar.

c) Adquisición de fondos informativos, documentais, revistas, libros de consulta.... Ademais, investirase na compra de libros e recursos electrónicos para converter a biblioteca nunha plataforma de aprendizaxe e creación multiforme, adaptada ás novas linguaxes literarias, comunicativas e audiovisuais.

4. **En canto ao fomento da lectura:**

O equipo de biblioteca elaborará un programa coas actividades que a continuación se nomean, e que serán descritas e temporalizadas no Proxecto Anual da biblioteca:

a) Actividades de animación á lectura (club de lectura, Día do Libro, Letras Galegas, Feira do libro, sesións de contacontos, hora de ler, apadriñamentos lectores, concursos de escritura creativa, recitais poéticos, lecturas dramatizadas, xogos de mímica arredor de obras literarias…).

b) Sinatura dos compromisos dos axudantes da biblioteca e entrega de diplomas como recoñecemento ao seu traballo (Programa de Bibliotecas Escolares).

c) Mochilas e maletas viaxeiras.

d) Publicacións periódicas no blog da biblioteca e enriquecemento constante desta plataforma a través de posts, incorporación doutras ligazóns a vídeos, videoxogos, wikis, webquests, cazas do tesouro e outros recursos de gamificación e lectura dixital.

e) Publicación de boletíns de novidades e guías de lectura trimestrais.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

f) Cine fórum na biblioteca en festividades (Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día das Letras Galegas...).
g) Presenza de escritores na biblioteca.

Con respecto ao *Proxecto Lector de Centro*:
a) Orientación do profesorado nos itinerarios lectores e na dinamización das bibliotecas de aula.
b) Orientación do profesorado na actualización do Proxecto Lector e na elaboración de actividades que contribúan ao mesmo e ao Plan Anual de lectura.

5. **Polo que respecta á biblioteca inclusiva:**
a) Encontros con autores e autoras.
b) Recunchos temáticos: algúns de carácter temporal para festexar eventos puntuais e outros definitivos, con exposicións e recursos que xiran arredor dos intereses do alumnado.
c) Campañas de animación á lectura: a través da creación e promoción de proxectos, certames ou premios.
d) Habilitación e promoción de recursos múltiples: actualización dos fondos das bibliotecas de aula en función das necesidades do alumnado; contribución ao desenvolvemento do programa PROA+ e á iniciativa Quérote +; creación de obradoiros relacionados coa uso das TIC, especialmente vencellados a EDIXGAL.

6. **Outras actuacións previstas son as seguintes:**
a) Formación continua dos membros do equipo en relación coas bibliotecas escolares.
b) Creación de actividades en distintos formatos na procura da compensación social: educación emocional, estimulación da linguaxe, fondos para a adquisición de linguas, xogos que estimulen destrezas comunicativas e outros con ímputs visuais facilitadores, realización de materiais con pictogramas, recursos específicos para o alumnado TEA…
c) Orientacións de lecturas para as familias, axudándoas na elección de libros acordes ás idades dos seus fillos/as e ás problemáticas que poidan xurdir no fogar e na escola.
d) Dotación do mobilario e o equipamento necesario para a biblioteca escolar.
e) Colaboración coas bibliotecas municipais e escolares da contorna para compartir experiencias.

7. **Avaliación**
A avaliación debe abarcar todas as áreas de actuación e será o punto de partida para a planificación no curso seguinte. Establecéronse os seguintes criterios: a) Grao de cumprimento

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

dos obxectivos; b) Nivel de satisfacción das necesidades da comunidade escolar; c) Cobertura das necesidades existentes; d) Adecuación dos recursos materiais e humanos e efectividade dos mesmos; e) Asistencia á biblioteca.

8. **Recursos humanos**

A coordinadora da biblioteca para o curso 2023-2024 é Rosa Torreira e o equipo está formado por: Ana Miranda (EP), Alejandra Pose, (EP), Alexandre Soto (ESO) e Ana Mª Porteiro.

# 8.2. PLAN LECTOR

Os obxectivos e indicadores previstos para o desenvolvemento do Plan Anual de Lectura do CPI Plurilingüe Cabo da Area para o curso 2023-2024 son os seguintes:

| OBXECTIVOS | INDICADORES |
| --- | --- |
| Aumentar os índices de lectura dos estudantes en todas as disciplinas. | Porcentaxe de alumnos e alumnas que len e tempo dedicado á lectura fóra do centro educativo a través do emprego de enquisas. |
| Formar ao alumnado no dominio da expresión oral e escrita. | Porcentaxe de estudantes que len e escriben por iniciativa persoal. |
| Sensibilizar á comunidade educativa e á sociedade en xeral sobre a necesidade de desenvolver hábitos de lectura. | Porcentaxe de participación das familias e dos elementos culturais da contorna no desenvolvemento do Plan Lector. |
| Garantir o acceso á lectura e á información en diferentes soportes e formatos. | Aumento da lectura en soportes dixitais e audiovisuais (uso de ordenadores, e- readers…) |
| Articular as relacións no centro educativo entre os docentes para compartir recursos e establecer unha aprendizaxe interdisciplinaria. | Porcentaxe de persoas da comunidade educativa que traballan no Proxecto lingüístico e no Plan lector. |
| Desenvolver a competencia lectora | Melloría dos resultados nas diversas materias e nas probas diagnósticas. |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | |
|---|---|
| Desenvolver a competencia literaria | Gusto pola literatura, en variedade de xéneros, manexando criterios estéticos e non só de entretemento. |
| Educar no uso crítico da información | Capacidade de crear traballos cunha selección de información adecuada, unha presentación atractiva e incorporando as fontes e referencias bibliográficas empregadas. |
| Fomentar o desenvolvemento da capacidade investigadora do alumnado. | Aumento dos traballos por proxectos e creación de Proxectos Documentais Integrados no centro. |
| Apoiar a adquisición de competencias clave. | Potenciación e aplicación da comprensión lectora para a resolución de problemas e tarefas en situacións diversas. |
| Favorecer a creación de contidos culturais. | Elaboración orixinal de recursos e ferramentas educativas por parte do alumnado (traballos académicos, presentacións multimedia, titoriais, booktráilers…) |

## 1. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

Para favorecer o acceso do alumnado aos libros, a biblioteca estará aberta para o préstamo no seguinte horario:

**Sala de secundaria:** durante os recreos.

**Sala de primaria:** durante tres recreos semanais.

Ademais, segundo o establecido por lei, haberá uns horarios de lectura semanais, que son de vinte minutos diarios en primaria despois do recreo. En secundaria, será unha sesión semanal rotativa de vinte minutos.

## 2. BIBLIOTECAS DE AULA

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

Para facilitar a Hora de Ler, cada aula conta cunha selección de lecturas emprestadas pola biblioteca. Para a xestión e localización dos exemplares, cada aula ten un carné de lector especial con acceso a máis préstamos e cunha duración máis ampla. En primaria, estas bibliotecas de aula axudarán a completar o tempo diario de lectura.

### 3. RUTINAS DE LECTURA

O Plan lector pretende integrar todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas, ademais de procurar a adquisición das competencias clave. Para acadar este obxectivo xeral, planificáronse as seguintes actividades:

- Apadriñamentos lectores e constelacións de lectura.
- Organización semanal rotatoria da "Hora de ler".
- Participación en obradoiros e encontros literarios.
- Desenvolvemento do club de lectura de educación primaria e secundaria.
- Integración do centro na iniciativa "Bibliotecas Escolares Solidarias: Voluntariado de lectura".
- Colaboración na elaboración actividades propostas pola biblioteca do centro: conmemoración de diversas festividades de carácter sociocultural, participación en concursos de relatos e creación artística, recitais de poesía, maratóns de lecturas, guías didácticas, recomendacións e reseñas literarias…

### 4. RECURSOS HUMANOS

Para facilitar o préstamo e a dinamización, contamos cun equipo de dúas mestras en primaria e tres profesores/as en secundaria. Na sala de lectura da ESO, os docentes do equipo da biblioteca son os encargados da informatización e do empréstito para os lectores e lectoras.

### 5. ITINERARIOS LECTORES

Os itinerarios de lectura propostos para o curso 2023-2024 están dispoñibles no documento "Plan Lector" elaborado polo equipo da biblioteca e son susceptibles de seren enriquecidos ao longo do curso.

### 6. LER EN FAMILIA

Ao igual que en anos anteriores, convidarase ás familias a participar en sesións de contacontos co alumnado de educación infantil.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

Promocionarase, así mesmo, o emprego das maletas viaxeiras, compostas de diversos materiais literarios e lúdicos, que o alumnado do centro poderá levar á casa durante uns días para gozar en familia do pracer da lectura e da creación artística ou a reflexión derivada dela.

Ademais, pretendemos animar á lectura aos adultos que pertencen á nosa comunidade educativa: profesorado, persoal non docente e familias. De feito, brindarémoslles a posibilidade de obter o carné de usuario/a e convidáremolos a xornadas de portas abertas e charlas para os/as máis cativos/as. Por iso, sen menoscabo da literatura infantil e xuvenil (cuxos fondos seguiremos ampliando), potenciaremos tamén a adquisición de obras de lectura para adultos, de maneira que poidamos atraer usuarios/as de maior idade que participen activamente nas actividades proxectadas pola biblioteca e que poidamos, nun futuro próximo, organizar un club de lectura de adultos e desenvolver proxectos colaborativos coa biblioteca municipal.

## 7. INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

A biblioteca do centro conta cun equipamento de carácter audiovisual, composto de diversos ordenadores, tablets e libros electrónicos para o acceso áxil á información, a selección da mesma e o desenvolvemento de actividades multimedia. Estase a promocionar, ademais, tal e como queda reflectido nos obxectivos xerais do Proxecto da Biblioteca, a participación da comunidade educativa na iniciativa E-LBE2, para a difusión lectura dixital.

Prentendemos tamén mellorar a edición dos propios textos dos estudantes, creando unha pequena editorial impresa para os traballos de confección propia, ademais de contar con programas informáticos de edición de textos para que estes poidan ser publicados de maneira dixital.

Así mesmo, durante o curso 2023-2024, realizaremos podcasts para colaborar coa dinamización da radio escolar (“Cabo da Area nas ondas”)

## 8. DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

A biblioteca do centro volve formar parte do PLAMBE durante o presente curso. O equipo de biblioteca dinamizará as prácticas de lectoescritura no centro. Convocaránse diversos certames (relato, debuxo, fotografía…) co gallo das diferentes efemérides e celebracións levadas a cabo no centro (Samaín, Magosto, Nadal, Día das Letras Galegas, etc.). Realizaranse tamén outras actividades como exposicións de murais, saídas culturais, xogos didácticos…, procurando fomentar a creatividade do alumnado así como reforzar a súa autoestima.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 8.3. CLUB DE LECTURA

Continúase no centro co Club de lectura (coordinado por Ana Porteiro e Antón Varela en secundaria e Cristina Lage en primaria), no que os rapaces e rapazas comparten as súas experiencias lectoras, fomentando o interese por novas lecturas e propiciando a creación dun ambiente lector.

As xuntanzas nas que se comentan as lecturas teñen lugar durante o tempo de lecer do comedor escolar no caso do alumnado de primaria e os martes (de 11.15h a 11.50h), en secundaria. En cada unha destas reunións, marcarase tamén a lectura que deben realizar para a seguinte sesión.

As lecturas escolleranse pensando nos gustos do alumnado. Preténdese que o texto poida ser o punto de partida para falar de vivencias, de coñecementos adquiridos, de inquedanzas… Ademais de comentar as lecturas, desenvolveranse actividades relacionadas con elas, que quedarán recollidas na memoria final.

Para o curso 2023-24, o propósito do club de lectura do centro é deseñar actividades dinámicas que fortalezan a vinculación entre as tres etapas educativas que configuran o CPI Plurilingüe Cabo da Area, ademais de propiciar a colaboración con outros centros ou institucións para que o impacto das dinámicas poida trascender os límites das aulas e o alumnado se percate de que o hábito lector permite o establecemento de relacións sociais intergrupais. Neste sentido, un dos obxectivos do club de lectura “Libros ao Cabo” é a participación en roteiros literarios que impulsen a procura e coñecemento dos escenarios literarios que abundan na súa contorna. A lectura favorece a traslación de ideas, o enriquecemento persoal e cultural do estudantado e o desenvolvemento da reflexión, a capacidade comunicativa e o espírito crítico. Polo tanto, as nosas principais finalidades son:

a) Promover a lectura entre o alumnado para mellorar a competencia lectora e as súas destrezas comprensivas e expresivas, ademais de enriquecer o seu acervo cultural.
b) Animar ao alumnado a ler en diferentes linguas, favorecendo así o desenvolvemento da competencia plurilingüe e o interés dos/as estudantes por perfeccionar o dominio dos distintos idiomas que manexan, amosando respecto pola diversidade cultural que estes expresan.
c) Empregar diferentes ferramentas dixitais para promover as actividades literarias deseñadas polo club de lectura do centro: libros electrónicos, blogue “A Biblio do Cabo”, páxina web do CPI Cabo da Area…

d) Potenciar a lectura de obras en galego e mesmo de textos universais traducidos a este idioma.
e) Favorecer o contacto directo con algúns dos autores e autoras máis representativos da literatura galega actual, para presentar aqueles textos que reflictan os intereses do alumnado do centro.
f) Achegar os estudantes ao mundo da radio como un medio de comunicación transfronteirizo, que fomenta a vinculación entre o ámbito literario, a reflexión oral e o desenvolvemento da capacidade expositiva e argumentativa do alumnado que se aproxime a el, ademais de facilitar a promoción das actividades elaboradas polo club de lectura na súa contorna máis próxima.
g) Impulsar o intercambio de experiencias co profesorado e alumnado doutros centros ou con representantes doutras institucións culturais.
h) Contribuír á consolidación da biblioteca como un centro dinámico de construción autónoma da aprendizaxe arredor do coñecemento impreso e dixital e como un espazo de acollida, reflexión e interacción entre os distintos membros da comunidade educativa do centro.

# 8.4. PLAN DIXITAL

Por segundo ano consecutivo, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital actualizou este documento nun momento no que este centro educativo leva inmerso en distintos cambios:

- Contamos cun Coordinador TIC, integrante no Equipo de Dinamización do Plan Dixital, que fixo unha labor encomiable no fomento do uso das TIC do Centro, no mantemento dos equipamentos informáticos e audiovisuais ou na formación a profesorado e alumnado no referente á aula virtual e ferramentas corporativas.
- Por terceiro ano consecutivo, estase a aplicar o Proxecto Edixgal nos cursos de quinto e sexto de EP, aínda que contamos con moitas dificultades no tocante ao servizo técnico e os recursos educativos. Este ano, ademais, implántase Edixgal en 1º de ESO. Durante os próximos anos, levarase a cabo a instauración deste programa nos restantes cursos da ESO.
- Por terceira vez, estamos inscritos no programa “EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudable” o que nos permitiu aumentar a dotación tecnolóxica coa adquisición dunha pantalla dixital para o pavillón e un equipo de son.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Neste plano tecnolóxico, desde o equipo de biblioteca escolar apostouse pola lectura dixital, e inscribiuse a todo o alumnado do centro na plataforma E-LBE.2, coa que se procura aumentar as experiencias lectoras da comunidade educativa a través da lectura dixital.
- Finalmente, durante o pasado curso 2022-2023, boa parte dos docentes do centro participaron nun PFPP cun itinerario vencellado á competencia dixital do profesorado. Así mesmo, para o curso 2023-2024, tramitouse a comezos de outubro a renovación desta liña de actuación no PFPP, afondando en dous contidos formativos fundamentais: o manexo do programa Edixgal (que permita aos docentes ofrecer ao alumnado un ensino de calidade a través desta plataforma) e o traballo cos materiais e recursos derivados da implementación no centro dos Polos creativos.

# 8.5. CONTRATOS PROGRAMA

Neste curso o centro participará nos seguintes contratos programa:

- **CP INNOVA na modalidade de: "O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables. (EDUsaúde)"**. Preténdese, por unha banda, que o alumnado adquira hábitos alimenticios saudables e, por outra, que incremente a actividade física efectiva desenvolvida ao longo do día, dentro do horario lectivo. Todo elo, máis alá das áreas ou materias específicas.
- **CP INCLÚE na modalidade de "IGUÁLA-T"**. Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, isto é, a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; a prevención, a detección e o tratamento das violencias machistas; e a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual e de xénero.
- **CP RECUPÉRA-T**: No marco do Plan Recupera, a consellería publicou a Resolución do 14 de xuño de 2021, pola que se establecían as bases para a convocatoria de Contratos-programa Recupéra-T para o curso 2021/22. Esta convocatoria puxo en marcha medidas de reforzo docente a través do **programa PROA+** (Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo 2021- 2023) O artigo 6.2 de dita Resolución do 14 de xuño de 2021 recolle que os centros seleccionados para desenvolver o programa (entre eles o CPIP Cabo da Area) asumen o compromiso de participación neste durante os cursos 2021/22, 2022/23 e 2023/24. É por iso que neste curso, contamos novamente cunha docente de Pedagoxía Terapéutica para tarefas de reforzo educativo.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 8.6. PLAN PROXECTA +

Neste curso o centro participará nos seguintes programas dentro do Plan Proxecta +:

- **Proxectos de vida activa e deportiva**: consiste en deseñar, executar e avaliar un proxecto relacionado cos hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.
- **Por 365 días de respecto e igualdade**: consiste no desenvolvemento dun proxecto relacionado coa prevención da violencia de xénero dentro do ámbito educativo.
- **Quérote+**: consiste en desenvolver un proxecto relacionado coa educación sexual. Con él preténdese dotar de ferramentas ao profesorado para o desenvolvemento persoal do alumnado no seu proceso de crecemento e maduración no ámbito da educación para a convivencia entre os sexos (educación sexual, modelos de amor e de parella, uso das tecnoloxías nas relacións).

# 8.7. ADDENDA ANUAL AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Tal e como se require no Decreto 79/2010, cada ano cómpre realizar unha addenda ó proxecto lingüístico de centro onde figuren os seguintes epígrafes:

### 8.7.1. Información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado de infantil

Como cada ano, ó alumnado facilítaselle unha enquisa sobre os seus hábitos lingüísticos. Neste documento reflíctese con que frecuencia e en que contextos empregan cada unha das linguas cooficiais. Os resultados da enquisa son os seguintes:

| 4º EI | Só falan galego | Só falan castelán | Predomina a fala en galego | Predomina a fala en castelán | Galego/ Castelán | Outras linguas |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Alumnado | 100% | - | - | - | - | - |

| 5º EI | Só falan galego | Só falan castelán | Predomina a fala en galego | Predomina a fala en castelán | Galego/ Castelán | Outras linguas |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Alumnado | - | 12,5 % | 62,5 % | 12,5 % | 12,5 % | - |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| 6º EI | Só falan galego | Só falan castelán | Predomina a fala en galego | Predomina a fala en castelán | Galego/ Castelán | Outras linguas |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Alumnado | 7,69 % | 7,69 % | 23,09 % | 15,38 % | 38,46 % | 7,69 % |

### 8.7.2. Idioma en que se imparten as materias do centro no presente curso

| Curso | Castelán | Galego | Lingua estranxeira |
|---|---|---|---|
| 1ºEP | Lingua castelá<br>Matemáticas<br>Relixión/Proxecto competencial | Lingua galega<br>Ciencias sociais<br>Ciencias naturais<br>Educación física | Música e danza<br>Educación plástica<br>Lingua inglesa |
| 2ºEP | Lingua castelá<br>Matemáticas<br>Relixión/Proxecto competencial | Lingua galega<br>Ciencias naturais<br>Ciencias sociais<br>Educación física | Lingua inglesa<br>Música e danza<br>Educación Plástica e Visual |
| 3ºEP | Lingua castelá<br>Matemáticas.<br>Relixión/Proxecto competencial | Lingua galega<br>Ciencias sociais<br>Ciencias naturais<br>Educación física | Educación plástica<br>Música e danza<br>Lingua inglesa |
| 4ºEP | Lingua castelá<br>Matemáticas<br>Relixión/Proxecto competencial | Lingua galega<br>Ciencias sociais<br>Ciencias naturais<br>Educación física | Lingua inglesa<br>Música e danza<br>Educación plástica |
| 5ºEP | Lingua castelá<br>Matemáticas<br>Relixión/Proxecto competencial | Lingua galega<br>Ciencias sociais<br>Ciencias naturais<br>Educación física | Educación plástica<br>Lingua inglesa<br>Música e danza |
| 6ºEP | Lingua castelá<br>Matemáticas<br>Relixión/Proxecto competencial<br>Materia de libre configuración | Lingua galega<br>Ciencias sociais<br>Ciencias naturais<br>Educación física<br>Educación en valores cívicos e éticos | Lingua inglesa<br>Educación plástica<br>Música e danza |
| 1ºESO | Lingua castelá<br>Matemáticas<br>Tecnoloxía e dixitalización<br>Educación física | Lingua galega e literatura<br>Xeografía e historia<br>Bioloxía e xeoloxía<br>Titoría<br>Relixión/proxecto competencial | Lingua inglesa<br>Educación plástica, visual e audiovisual<br>Lingua francesa |

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2ºESO | Lingua castelá<br>Matemáticas<br>Física e química<br>Titoría | Lingua galega e literatura<br>Xeografía e historia<br>Música<br>Educación física<br>Relixión/Proxecto competencial | Lingua inglesa<br>Tecnoloxía<br>Lingua francesa |
| 3ºESO | Lingua castelá<br>Matemáticas<br>Física e química<br>Educación física<br>Tecnoloxía e dixitalización (optativa de 3 horas semanais) | Lingua galega e literatura<br>Xeografía e historia<br>Bioloxía e xeoloxía<br>Titoría<br>Relixión/proxecto competencial<br>Educación en valores cívicos e éticos | Lingua inglesa<br>Educación plástica, visual e audiovisual<br>Lingua francesa |
| 4ºESO | Lingua castelá e literatura<br>Matemáticas A/B<br>Bioloxía/Tecnoloxía/ Economía e emprendemento<br>Física e química/Formación e orientación persoal e profesional<br>Titoría | Lingua galega e literatura<br>Xeografía e historia<br>Educación física<br>Dixitalización<br>Relixión/Proxecto competencial | Lingua inglesa<br>Expresión artística/Oratoria<br>Lingua francesa |

### 8.7.3. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior

Incluímos neste apartado un resumo das actividades que tiveron lugar o ano pasado para fomentar o uso do galego máis un avance das actividades que están previstas para este curso académico.

As actividades realizadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega ao longo do curso 2022-23 están recollidas na memoria descritivo-gráfica que se enviou á Secretaría Xeral de Política Lingüística para xustificar os gastos do proxecto. Nese documento, ademais, analízase a consecución dos obxectivos e establécense propostas de mellora.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

En xeral, a maioría dos obxectivos indicados no proxecto de fomento do uso da lingua galega acadáronse. Porén, o vindeiro curso cómpre traballar máis nalgúns ámbitos para lograr todos os obxectivos e implicar na realización das actividades a máis membros da comunidade educativa.

No blog Lingua Cabo da Area, ao cal se pode acceder desde a páxina web do centro, publicouse información sobre as actividades do EDLG. Saliéntanse as seguintes:

- CALENDARIOS DAS AULAS E DAS SALAS DO PROFESORADO.

A comezos de cada avaliación elaboráronse calendarios para pór en cada aula e tamén para as dúas salas de profesorado. Os calendarios para as aulas foron impresos en formato A3, cun mes en cada páxina. Colocouse unha copia nas cortizas para que os delegados ou delegadas puidesen anotar os exames ou a entrega de traballos. Para as salas de profesores/as imprimíronse en A4.

O EDLG tamén preparou o calendario da hora de ler en secundaria. Colocou unha copia en cada aula e na sala de profesores/as. Fíxose todo cos recursos do centro.

- ENQUISAS SOCIOLINGÜÍSTICAS.

No mes de setembro o EDLG realizou varias enquisas para coñecer os datos sociolingüísticos do centro. Pasáronselle ao alumnado de primaria e secundaria os cuestionarios que saen nas imaxes. Os resultados serviron para reformular algúns dos obxectivos propostos no proxecto. Expuxéronse no taboleiro “O mes que andamos”.

- BLOG LINGUA CABO DA AREA.

Seguiuse actualizando o blog https://linguacabodaarea.blogspot.com/, creado o curso pasado, para dar visibilidade ás actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e publicar información de relevancia sobre a lingua, a literatura ou a cultura galegas. Contén enlaces a ferramentas útiles en Internet (dicionarios, vocabularios ortográficos ou tradutores), a xornais dixitais, a blogs doutros EDLG, a páxinas sobre a literatura etc. Pódese acceder a el dende a páxina web do centro.

- FACEBOOK DO EDLG DO CPI CABO DA AREA.

No Facebook do EDLG compartíronse noticias relevantes sobre a lingua, a literatura ou a cultura de Galicia. Ademais, serviu para facer públicas algunha das actividades do EDLG. Tamén, se puido manter o contacto con outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega e intercambiar experiencias.

- TABOLEIRO “O MES QUE ANDAMOS”.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

Fíxose unha exposición mensual sobre efemérides relacionadas coa lingua, a literatura ou a cultura galegas. Destacouse a vida e a obra de escritores/as e persoeiros da nosa cultura coincidindo cos seus aniversarios. Expuxéronse pequenos estudos sobre festividades coma a do Samaín, o Entroido etc. Tamén, tiveron un espazo na cortiza refráns, adiviñas ou cantigas populares relacionadas con cada época do ano. E anunciáronse convocatorias de diversos certames, publicacións de novos recursos en galego etc. Asemade, incluíuse información sobre lexislación lingüística.

- CONCURSO “O MES QUE ANDAMOS”.

Desde xaneiro, cada mes, fíxose un concurso relacionado coa información exposta no taboleiro “O mes que andamos”. Este consistía en responder unha serie de preguntas. Os/ as participantes debían introducir as respostas nunha caixa situada nun expositor ao lado do taboleiro. O alumnado que respondía correctamente entraba no sorteo dun agasallo (libros ou material escolar).Entregáronse premios desde xaneiro a abril. O concurso de maio quedou sen acertantes. E, en xuño non se convocou por falta de diñeiro.

- EXPOSICIÓN SOBRE LINGUAS MINORITARIAS EUROPEAS.

O alumnado de 4º de ESO axudou a elaborar un mural sobre distintos idiomas minoritarios de Europa para conmemorar o Día Europeo das Linguas. A exposición fíxose cos recursos do centro.

- CONCURSO DE RELATOS DE TERROR, EPITAFIOS E MANUALIDADES DO SAMAÍN.

Convocouse a comezos de outubro, en colaboración coa Biblioteca, un concurso de relatos de terror, con premios en tres categorías: a primeira, para 4º, 5º e 6º de primaria; a segunda, para 1º e 2º de ESO, e a terceira, para 3º e 4º de ESO. O concurso de manualidades do Samaín, tamén convocado en colaboración coa biblioteca, deu premios en dúas categorías: unha para infantil e outra para 1º, 2º e 3º de primaria. Ademais, tamén se fixo un concurso de epitafios para 3º e 4º ESO. A participación no concurso foi numerosa.

- LECTURA DRAMATIZADA DE RELATOS DE MEDO.

O 28 de outubro, durante o recreo, o EDLG e o Equipo da Biblioteca organizaron unha lectura dramatizada de contos de medo da obra Trece avisos de Paula Carballeira. Participaron alumnos e alumnas de todos os cursos de educación secundaria.

- CELEBRACIÓN DO DÍA DE XOSÉ NEIRA VILAS E DO DÍA DOS/DAS LECTORES/AS EN GALICIA.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

O alumnado de educación secundaria leu fragmentos de Memorias dun neno labrego o 3 de novembro, durante o recreo, na biblioteca para celebrar o Día do Lector en Galicia e o Día de Xosé Neira Vilas. O alumnado de educación infantil traballou a través de debuxos uns poemas de Neira Vilas. O alumnado de educación primaria leu poemas de Cantarolas. Tamén se fixo unha exposición da obra literaria de Xosé Neira Vilas na biblioteca de ESO.

- CATÁLOGO DIXITAL SOBRE O MAGOSTO E O OUTONO.

O alumnado do centro recompilou cantigas, refráns, relatos, lendas... sobre o Magosto e o outono. Con todo o material fíxose un catálogo dixital e subiuse aos blogs da biblioteca e do EDLG.

- MES DA CIENCIA EN GALEGO.

O alumnado de 4º ESO asistiu á videoconferencia sobre cambio climático e sistema alimentario, organizada por Igaciencia o 28 de novembro.

- VÍDEO E MÚSICA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

O alumnado de ESO gravou un vídeo para conmemorar o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. Os rapaces e as rapazas tentaron concienciar a sociedade máis nova de que hai que erradicar a praga da violencia machista. Participaron alumnos e alumnas de todos os grupos de educación secundaria.

- CONCURSO DE DEBUXOS E CARTAS AO APALPADOR E PANXOLIÑAS EN GALEGO.

Durante o mes de decembro soaron nos cambios de clase, nos recreos e nas entradas e saídas do centro panxoliñas en galego. Ademais, realizouse unha pequena exposición sobre o Apalpador e falouse desta figura lendaria do Nadal galego nas aulas.

Por outro lado, convocouse un concurso de cartas e debuxos, dirixidos ao Apalpador. Déronse premios en catro categorías, repartidas entre as distintas etapas.

- TRÍPTICO SOBRE O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA.

O alumnado de 4o ESO colaborou na realización dun tríptico para conmemorar o aniversario do Estatuto de Autonomía de Galicia. Este subiuse ao blog do EDLG e tamén se expuxo no taboleiro “O mes que andamos”.

- SESIÓN DE CONTACONTOS CON CAXOTO.

O alumnado de 3o ESO e 4o ESO asistiu na biblioteca do centro á función "Micromachista, eu???" do contacontos Caxoto. Este contou varios relatos cos que traballou a igualdade.

- VIAXE CULTURAL A SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O 10 de xaneiro o alumnado de educación secundaria realizou unha visita didáctica a Santiago de Compostela. Primeiro, os alumnos e as alumnas visitaron a libraría Couceiro. Alí, unha das donas ensinoulles como se restauran libros antigos.

A seguir, foron ao Panteón de Galegos Ilustres. Diante da tumba de Rosalía de Castro varios/as alumnos/as leron poemas de Cantares gallegos e Follas novas. Ademais, realizouse unha ofrenda floral.

No Museo do Pobo Galego o alumnado fixo, en pequenos grupos, un xogo sobre a información das diferentes sala.

Por último, visitouse Cidade da Cultura. Alí, un guía explicoulles aos alumnos e ás alumnas como era o lugar e como se construíu.

- PULSEIRAS POLA PAZ.

O 30 de xaneiro celebrouse o Día Escolar da Non Violencia e da Paz coa actividade "PULSEIRAS POLA PAZ". O alumnado de todas as etapas do centro fixo pulseiras para intercambialas cunha compañeira ou cun compañeiro. Nelas as rapazas e os rapaces escribiron unha ou varias palabras a prol da paz.

- INTERCAMBIO LINGÜÍSTICO-CULTURAL CO ALUMNADO DO IES VIRGEN DE LA ENCINA DE PONFERRADA.

As alumnas e os alumnos de ESO fixeron a actividade co alumnado do programa de galego do IES Virgen de la Encina de Ponferrada desde xaneiro ata xuño. Intercambiáronse experiencias, coñecementos e hábitos culturais co alumnado berciano que cursa no seu centro as materias de Lingua e Cultura Galegas e Ciencias Sociais, Xeografía e Historia en galego. Os primeiros contactos foron a través de cartas. Logo, usáronse as redes sociais para seguir coa actividade. Ademais, o alumnado de Ponferrada participou nalgunha actividade do noso centro: por exemplo, na gravación do vídeo de homenaxe a Martín Códax.

- O CORREO DO AMOR.

Para celebrar o Día da Candeloria organizouse a actividade “O correo do amor”. O departamento de Lingua galega e literatura realizou unha selección de poemas de amor e amizade. Nun recuncho da biblioteca púxose unha caixa cos poemas e cos sobres ao lado. O

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

alumnado podía escoller un ou varios e enviarllos a quen quixese. As alumnas do EDLG e do Equipo da Biblioteca encargáronse de repartir os poemas o Día da Candeloria, o 2 de febreiro.

- CONMEMORACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA LINGUA MATERNA.

O EDLG deseñou uns adhesivos para conmemorar o Día da Lingua Materna (21 de febreiro). Estes contiñan uns versos de Manuel María e un lema animando o alumnado a preservar a lingua galega. Os adhesivos repartíronselle a todo o alumnado do centro á volta das vacacións do Entroido.

- CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.

Para celebrar o Día de Rosalía fixéronse flores de feltro durante o mes de febreiro.

- CONCURSO DE COPLAS SATÍRICAS E OS MANDADOS DO MECO EN SECUNDARIA.

O EDLG e o Equipo da Biblioteca convocaron para o alumnado de ESO un concurso de coplas satíricas. Entregouse un premio en cada unha das categorías: categoría A (alumnado de 1º e 2º ESO) e categoría B (alumnado de 3º e 4º ESO).

- EXPOSICIÓN SOBRE MULLERES GALEGAS EGREXIAS.

O alumnado de ESO recompilou información sobre mulleres galegas de todos os tempos que destacasen nalgún ámbito. Coa información o EDLG fixo unha exposición no edificio de educación secundaria para conmemorar o Día Internacional da Muller.

- CONMEMORACIÓN DO DÍA DA POESÍA.

En educación secundaria o EDLG fixo unha selección de poemas en galego de autores e autoras de todos os períodos da literatura galega, entre outros/as: Manuel María, Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Fran Alonso, Ana Romaní, Pilar Pallarés, Celso Emilio Ferreiro, Darío Xohán Cabana, Carlos Negro, Marta Dacosta, Ramón Cabanillas, Olga Novo, Xela Arias… Imprimíronse en papel de cores e enroláronse como se fosen pergamiños. O 21 de marzo antes da chegada do alumnado ás aulas deixouse un poema en cada mesa.

- HOMENAXE A MARTÍN CÓDAX.

Para conmemorar o Día das Artes Galegas, gravouse un vídeo sobre a figura de Martín Códax, xograr homenaxeado en 2023. Contouse coa colaboración do alumnado de 3º ESO e 4º ESO do IES de Arzúa e o IES Virgen de la Encina de Ponferrada. O traballo subiuse ao blog do EDLG. Tamén se fixo público nas redes sociais do IES Virgen de la Encina.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 0709
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA EN GALEGO.

Para celebrar o Día Internacional do Libro, o EDLG deseñou un cartel no que se promociona a lectura en lingua galega. Fixéronse copias do cartel para expoñer nos dous edificios do centro. O cartel contén un código QR que leva a un vídeo gravado polo alumnado de ESO. Os rapaces e as rapazas falan sobre as súas lecturas preferidas en galego.

- CONCURSO DE LEMAS A PROL DA LINGUA GALEGA.

O EDLG convocou en maio o II Concurso de lemas a prol da lingua galega.

- CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

O venres 19 de maio celebrouse en secundaria un acto de homenaxe a Francisco Fernández del Riego, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas en 2023. Ademais, como se facía o 60 aniversario desta festividade, tamén se leron textos doutros/as autores/ as a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas no pasado: Rosalía, Manuel Curros Enríquez, Castelao, Eduardo Pondal, Manuel María, Xela Arias, María Mariño, Uxío Novoneyra, Celso Emilio, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor, Ramón Otero Pedrayo… O acto foi presentado por dúas alumnas de 4º ESO, membros do EDLG.

- CHARLAS DA ASOCIACIÓN DE REDEIRAS ILLA DA ESTRELA DE CORME.

O luns 22 de maio dúas redeiras da Asociación Illa da Estrela de Corme visitaron o centro para dar varias charlas sobre o seu oficio tradicional ao alumnado de educación infantil e educación primaria. Ademais, faláronlles aos nenos e ás nenas de reciclaxe e explicáronlles que tipo de produtos artesáns elaboran (bolsos, colares...).

- CORRELINGUA.

O alumnado de 3º de primaria e 2º de ESO participou o venres 5 de maio no Correlingua 2023, que tiña como lema "Na casa, na escola, bota a lingua fóra". O alumnado de 2o ESO encargouse de elaborar a pancarta do noso centro.

- CHARLA SOBRE O OFICIO TRADICIONAL DE CESTEIRO/A.

O 6 de xuño unha cesteira e un cesteiro da asociación pontecesá O Son das Varas faláronlle ao alumnado de 1o e 2o ESO sobre o seu oficio tradicional. Ademais, fixeron unha demostración do seu traballo e deixaron que os alumnos e alumnas probasen a facer un cesto.

- CURTAMETRAXES DE ANIMACIÓN EN GALEGO.

A semana do 12 ao 16 de xuño proxectáronse cinco curtametraxes de animación en secundaria.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

### 8.7.4 Actividades previstas para este curso académico 2023-2024

Para este curso 2023-2024, as actividades programadas para fomentar o uso do galego entre a comunidade educativa son as que se mencionan a continuación. Porén, cómpre indicar que é posible que se engadan máis actividades que non están aquí contempladas.

- Mantemento do blog Lingua Cabo da Area: https://linguacabodaarea.blogspot.com/, incorporando nel non só accións desenvoltas no centro ao respecto da lingua e da cultura galegas, se non tamén información diversa en relación ao ámbito galego
- Efeméride do mes: cada mes o Equipo pendurará información sobre unha efeméride que consideremos relevante para a cultura galega
- Actividades para a celebración do Samaín, en colaboración coa Biblioteca e o departamento de Lingua Galega
- Colaboración no Magosto e actividades relacionadas co outono
- Celebración do mes da ciencia en galego
- Celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller
- Calendario 2023-2024
- Actividades pola paz
- Celebración do día de Rosalía de Castro
- Actividades do Entroido en colaboración coa Biblioteca e/ou o departamento de Lingua Galega
- Exposición Día da Muller Traballadora
- Celebración do Día da Poesía
- Actividades en colaboración co departamento de Lingua Galega para celebrarmos o Día do libro
- Conmemoración Día das Letras Galegas en colaboración coa Biblioteca e/ou o departamento de Lingua Galega
- Panel informativo permanente, dinámico e colaborativo (todo o ano), con seccións diferentes que se adapten a infantil/primaria e a secundaria
- Participación no Correlingua
- Visitas de escritores/as en lingua galega
- Saídas didácticas con carácter interdisciplinar

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 8.8. PLURILINGÜISMO

O CPI Plurilingüe Cabo da Area é un centro plurilingüe desde o seu comezo en 1º de primaria no curso 2017-2018 e tras a súa posterior implantación no resto de cursos ofertados de primaria. Na etapa de secundaria, a adscrición á rede de centros plurilingües levouse a cabo cos catro cursos ofertados no centro á vez. Finalmente, a etapa de educación infantil adoptou o programa pluriinfantil no curso 2019-2020.

Os obxectivos do equipo plurilingüe do centro inclúen a mellora da competencia lingüística do alumnado de todo o centro na primeira lingua estranxeira obxecto de estudo, o inglés. Ademais, a introdución do alumnado á cultura e tradición dos países de fala anglosaxona considerámola unha base imperturbable do traballo dos integrantes do equipo.

Contamos coa figura dunha persoa auxiliar de conversa que apoia a impartición de contidos na materia de lingua inglesa nas tres etapas do centro. Ademais, axuda a presentar eses aspectos propios vencellados á cultura propia destes países de fala inglesa durante as sesións lectivas. Así mesmo, a lingua vehicular das materias pertencentes ao programa plurilingüe é o inglés en todas as etapas educativas ofertadas.

O centro ten a sorte de dispor entre a súa plantilla de diferentes docentes coa habilitación lingüística necesaria para impartir docencia en lingua inglesa. Porén, no equipo plurilingüe soamente están incluídos algúns deles. O profesorado participante no programa este curso 2023-2024 é o seguinte:

- Fernando Guitián Astray: coordinador e mestre de lingua inglesa.
- Marcos Maseda Prieto: profesor de tecnoloxía.
- Sergio Pereira Bendaña: profesor de inglés e de oratoria.
- Ángel Manuel Rodríguez Mellid: profesor de educación plástica, visual e audiovisual e de expresión artística.
- María Teresa Rodríguez Varela: mestra de educación plástica e visual e de música e danza.

As materias participantes neste programa son as seguintes:

- *Music culture:* educación infantil con María Teresa Rodríguez.
- Inglés: educación infantil con María Teresa Rodríguez.
- Inglés: educación primaria con Fernando Guitián.
- Música e danza: educación primaria con María Teresa Rodríguez.
- Educación plástica e visual: educación primaria con María Teresa Rodríguez.
- Inglés: educación secundaria con Sergio Pereira.

- Educación plástica, visual e audiovisual: educación secundaria con Ángel Manuel Rodríguez.
- Tecnoloxía: educación secundaria con Marcos Maseda.
- Oratoria: educación secundaria con Sergio Pereira.

# 8.9. CLUB DE CIENCIA

Desde hai varios anos, o CPI Plurilingüe Cabo da Area participa no programa Club de ciencia da Consellería de Educación. Con esta iniciativa, preténdese introducir ao alumnado no mundo científico a través de experimentos prácticos e manipulativos vencellados ás competencias STEM do currículo de educación.

O Club de ciencia está operativo os martes alternos de 15 a 16 horas. Este curso 2023-2024 contamos con 27 alumnos estudantes da etapa de secundaria divididos en tres grupos. Estas fragmentacións do alumnado están feitas voluntariamente para crear grupos heteroxéneos que permitan o traballo cooperativo entre estudantes de distintas idades e niveis de competencia científica.

A profesora coordinadora é dona Mercedes Lago Valo, xefa do departamento de Física e química, e conta co apoio da seguinte relación de docentes:

- Laura Acosta Álvarez: xefa do departamento de Bioloxía e xeoloxía.
- Paula Cousillas Pena: xefa do departamento de Lingua galega e literatura.
- Daniel Crespo Romero: xefe do departamento de Inglés.
- Marcos Maseda Prieto: xefe do departamento de Tecnoloxía.
- Alexandre Soto Figueroa: xefe do departamento de Xeografía e historia.

As actividades que están programadas para o Club de ciencia ao longo de todo o curso son as seguintes:

- Experimentos relacionados coa luz.
    - Reflexión da luz: estudaranse a formación de imaxes múltiples e a reflexión dunha liña láser, ambas en espellos planos
    - Refracción da luz: veranse a propiedade de invisibilidade, a refracción con luz láser e as inversións das imaxes.
    - Reflexión e absorción da luz.
    - Propagación da luz.
- Experimentos relacionados coa bioloxía, xeoloxía e química.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

- Extracción do ADN de froitas: empregaranse fresas, plátanos, cebolas e outros vexetais para pode estudar a estrutura do ADN e a súa separación empregando produtos que se poden encontrar no fogar.
- Obradoiro de rochas e minerais: presentaranse diferentes tipos de minerais e rochas e explicaranse as súas características.
- Observación de fungos (mofo do pan): deixaranse produtos de alimentación á intemperie ou mal conservados durante un período de tempo determinado para analizar o crecemento de fungos.
- Elaboración de papel reciclado: o alumnado adentrarase no proceso de fabricación do papel dentro do laboratorio.
- Horta ecolóxica: levarase a cabo a implantación dunha horta ecolóxica no recinto escolar e estudaranse as características do chan, as necesidades nutricionais dos cultivos que se planten e o proceso de crecemento dos mesmos con fins científicos.
- Fabricación de xabón: traballarase en profundidade o proceso de saponificación de distintos tipos de graxas (individualmente ou mesturadas entre elas) para a fabricación de xabón apto para o seu uso doméstico.
- Extracción de aceites esenciais: destilaranse diferentes tipos de plantas aromáticas para a obtención de aceite esencial para que o alumnado vexa a pouca cantidade de aceite resultante de destilar unha gran cantidade de plantas aromáticas.
- Propiedades do aire: estudaranse os diferentes gases que compoñen o aire que respiramos e as súas particularidades.
- Columna de densidades: o alumnado verá de primeira man como diferentes substancias mesturadas entre elas adoptan diferentes espacios estratificados debido á súa densidade.
- Crecemento de cristais: levarase a cabo un proceso de cristalización de diversas sales minerais sobre obxectos diversos para analizar o proceso e darlle formas atractivas a eses cristais resultantes.

Avenida Isidro Parga Pondal nº45
15118, Laxe (A Coruña)
Telf: 881 88 07 09
Email: cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Web: edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/

# 8.10. CONCRECIÓN ANUAL DO PXAD

A concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, deseñada polo departamento de Orientación, figurará como arquivo adxunto a este documento.